



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PORTO DO SON

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdr. José Manuel González García

XUNTA DE GALICIA
Aprobado delimitando a comarca da Mariña
condicións similares pola Xunta da Consellería de Medio
Ambiente e Ordenación do Territorio de data.

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planeación
Urbana e Territorial
Fernando Gómez Fente Varela

INFORMACIÓN

TOMO II

ESTUDIO DO MEDIO RURAL.
ANÁLISE DO MODELO DE
ASENTAMENTO POBOACIONAL

**XUNTA DE GALICIA**

Aprobado definitivamente con suxección estrita ás
condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio
Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

ESTUDO DO MEDIO FÍSICO E RURAL

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA

ndo deliberativamente coa suxección estrita ás
bases sinaladas pola Orde do Conselleira de Medio
Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fante Varela

Este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

Este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.



ÍNDICE

2. ESTUDO DO MEDIO FÍSICO E RURAL.....	5
2.1. ENCADRAMIENTO E SITUACIÓN.....	5
2.2. CLIMA.....	6
2.2.1. Introdución:	6
2.2.2. Temperatura.....	6
2.2.3. Precipitacións.....	7
2.2.4. Radiación solar	9
2.2.5. Características ombrotérmicas	9
2.2.6. Clasificación climática de Papadakis.....	9
2.3. XEOLOXÍA	13
2.3.1. Xeomorfología.....	13
2.3.2. A componente xeoloxica.....	14
2.3.3. Relevo.....	14
2.3.4. Hipsometría.....	14
2.3.5. Pendentes.....	15
2.3.6. Orientación.....	16
2.4. SOLO.....	19
2.4.1. Introdución	19
2.4.2. Tipología dos solos	19
2.4.3. Capacidad produtiva dos solos.....	19
2.5. HIDROGRAFÍA	22
2.5.1. A rede hidrográfica.....	22
2.5.2. As lagoas	23
2.6. MEDIO BIÓTICO	23
2.6.1. FLORA	23
2.6.2. A FAUNA.....	26
2.6.2.1. Introdución:	26
2.6.2.2. Inventario faunístico:.....	26
2.6.2.3. Anfibios.....	27
2.6.2.4. Réptiles.....	27
2.6.2.5. Aves	28
2.6.2.6. Mamíferos.....	32
2.7. CULTIVOS E APROVEITAMENTOS.....	33
2.7.1. INTRODUCIÓN METODOLÓXICA:.....	33
2.7.2. OS CULTIVOS	34
2.7.3. ESPAZO FORESTAL.....	36
2.7.4. GANDEIRÍA.....	38
2.7.4.1. METODOLOGÍA.....	38
2.7.4.2. VACUNO:.....	38

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con sujeción a las
condiciones señaladas en la Orden da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da data

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García Varela

DILIGENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

ESTUDO DO MEDIO FÍSICO E RURAL

Asdo. José Manuel González García.



2.7.4.3. OVINO E CAPRINO	40
2.7.4.4. EQUINO	40
2.7.5. Áreas de especial interese.....	40
2.7.5.1. ZONA LITORAL	40
2.7.5.2. ZONA DE CUMES.....	41
2.7.5.3. DETERMINADOS ESPAZOS FLUVIAIS.....	41
2.7.5.4. A PAISAXE	41

XIUNTA DE GALICIA

Aprobado definitivamente con suxección estrita ás
condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio
Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II
Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal da
Cencello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

**XUNTA DE GALICIA**

Aprobado definitivamente con suxección estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

2. ESTUDO DO MEDIO FÍSICO E RURAL.

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

2.1. ENCADRAMIENTO E SITUACIÓN.

O concello de Porto do Son sitúase no extremo occidental de Galicia; conta cun longo, recortado e esgrevio litoral bañado polo Atlántico, ocupando unha posición intermedia entre o seo grovio –o *Magnus sinus groviorum*-, dos romanos- no que se desenvolven as Rías Baixas, e o seu ártabro –o *Magnus sinus artabrorum*- no que se desenvolve o litoral das terras de Bergantiños e mais das Mariñas.

Porto do Son ocupa con Ribeira a posición más occidental dentro da comarca natural do Barbanza na que se asenta.

Non imos prexulgar aquí o ámbito exacto que debe abranguer a comarca na que se ten que inscribir Porto do Son, pois iso requiriría dun estudo moi extenso e específico. Dende un punto de vista integral quizais habería que inclinarse por elixir un criterio amplio, coincidente coa actual delimitación dos Partidos Xudiciais que teñen como centro a Noia e Ribeira. Así pois, encadrañase aquí a Porto do Son dentro do conxunto territorial composto polos termos municipais de Boiro, Lousame, Noia, Pobra do Caramiñal, Porto do Son e Ribeira. Porto do Son ten a súa relación litoral, articulada, fundamentalmente a través da estrada C-550 que vai percorrendo toda a franxa costeira, e que a partir de Noia enlaza coa estrada C-543 (Noia-Santiago), a través da que Porto do Son se relaciona co interior de Galicia e, mesmo, coa súa capital, Santiago.

Ese basto territorio que ten no Atlántico o seu poñente, linda con Boiro e Pobra do Caramiñal ao sueste, con Noia polo norte, con Lousame polo leste, e con Ribeira polo sur.

A extensión da bisbarra así concibida sería de 40.984 Ha., que vén supor un 5,15 % do total provincial. A poboación, con todo, é máis densa. A comarca tiña unha poboación de dereito en 1996 que acadaba as 84.138 persoas que representan o 7,58 % do total provincial. A razón do peso demográfico hai que buscalo como dicimos, na elevada densidade poboacional desta comarca: 205,29 habitantes/km², aínda que é preciso aclarar que ese dato varía notoriamente duns concellos a outros. Nos concellos litorais a densidade é maior: Ribeira 408,2 hb/Km²; Noia 394,9; Pobra do Caramiñal 299,14; Boiro 207,9; Porto do Son 111,43, contrastando cos 47,97 hab/Km² de Lousame, que é o único concello interior.

Por último, no proceso de comarcalización encetado pola Xunta e máis concretamente no Mapa Comarcal de Galicia, aprobado por Decreto 65/1997, de 20 de febreiro (DOG de 3/4/1997) Porto do Son intégrase na comarca denominada "Noia", xuntamente cos concellos de Lousame, Noia e Outes.

Para a configuración dunha comarca así, utilizouse un criterio xeográfico ambiguo de semiconca do río Tambre, desbotando as relacións establecidas cos concellos litorais lindeiros, situados da outra banda da Serra do Barbanza.

Independentemente do xuízo que nos mereza a división feita, coidamos que é preciso ter en conta a delimitación legal comarcal vixente á hora de prever dotacións de ámbito comarcal. Mais tamén entendemos que sería un erro non considerar esoutro ámbito máis amplio que é o conxunto da Serra do Barbanza.

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



DILIXENCIA: este documento forma parte MEMORIA INFORMATIVA
do Pian Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

2.2. CLIMA

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

2.2.1. INTRODUCCIÓN:

O clima do municipio caracterízase polas elevadas precipitacións, a débil oscilación térmica, a suavidade das temperaturas e o déficit hídrico estival.

O termo municipal de Porto do Son está encadrado no dominio climático Marítimo cálido e Mediterráneo marítimo cara a serra.

É de subliñar que ao ser este municipio de grandes contrastes altitudinais dende a costa ata os cumes da serra do Barbanza o clima vai variar, aumentando as precipitacións cara aos cumes da serra, así como diminuíndo as temperaturas nunha media de 2º C máis frío na serra que na costa. As temperaturas e precipitacións varían notablemente coa altitude e a orientación, acusando as variacións topográficas. Tamén a proximidade ao mar fai que na serra do Barbanza haxa unha suavidade das temperaturas e un máis acentuado gradiente de precipitación coa altitude.

Para o presente estudo empréganse os datos procedentes dos observatorios meteorolóxicos da Barbanza, de coordenadas xeográficas 42°40' latitude N e 8° 57' lonxitude W situado a 600 m. de altitude e o observatorio meteorolóxico de Ribeira, de coordenadas xeográficas 42° 35' N e 8° 59' W situado a 25 metros de altitude. Os datos deste último servirános para ver o clima da costa. c

2.2.2. TEMPERATURA

Os carácteres principais do ambiente atmosférico están ligados estreitamente á influencia do océano. O mar limita as oscilacións térmicas estacionais e diúrnas e subministra humidade abundante ás masas de aire.

A temperatura media anual rexistra no sector litoral valores superiores a 14°C. Esta banda térmica que queda comprendida entre as isotermas de 14°C e 15°C, dáse no litoral, xa que nas elevacións do bloque da Barbanza, a temperatura media anual baixa os 12°C pola influencia da altitude.

O inverno

Os meses más fríos rexistran unhas temperaturas medias mensuais entre 9 e 9,5°C; a altitude fai descender estes valores ata 6,7 °C na estación elevada da Barbanza.

A suavidade térmica do litoral esténdese a tódolos meses invernais, pois só douce ou tres teñen temperaturas inferiores a 10°C.

O verán

As temperaturas dos meses más cálidos oscilan entre os 18 °C e 21 °C no litoral. O descenso da temperatura por causa da altitude nótase con claridade no bloque montañoso do Barbanza, próximo á liña de costa, onde as temperaturas medias do mes de xullo baixan ata os 17°C.

O número de meses con temperaturas igual ou superiores a 18° elévase a catro no litoral.



XUNTA DE GALICIA

MEMORIA INFORMATIVA

Aprobado definitivamente con suxección estrita ás
condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio
Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

As variacións interanuais

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

As variacións térmicas interanuais da temperatura son moi débiles debido ao constante efecto amortecedor do océano ao longo do ano.



Fernando García-Fente Varela

As temperaturas extremas

Os valores medios e absolutos das temperaturas extremas, importantes para determinar os límites críticos do desenvolvimento da vexetación e para apreciar o grao de influencia oceánica, confirman que están por riba dos 3 °C de temperatura media das mínimas- inverno suave- e entre os 18°C e 33 °C das máximas medias. As mínimas medias invernais más altas localízanse na beira do mar (5,5-6,3 °C), aínda que estas mínimas descendan coa altitude ata 2,5°C a 600 m. As temperaturas máximas medias na estación fría oscilan entre os 13-14 °C, valores que baixan a 10,5 °C nos relevos da Barbanza.

Durante os meses más fríos as temperaturas mantéñense suaves en toda a costa o que resulta importante porque unhas condicións tan benignas non provocan o repouso invernal da vexetación. Na isoterma de xaneiro podemos comprobar como en toda a costa do municipio a temperatura non descende por baixo dos 10°C, o que pon de manifesto unha característica do clima desta costa que é a Suavidade. (De acordo con KÖPPEN, un clima é suave cando a temperatura media dos 12 meses está comprendida entre os 10°C e 22°C). Mentre que no interior do municipio cando subimos por riba dos 400 metros a isoterma do mes de xaneiro baixa incluso a 8°C.

2.2.3. PRECIPITACIONES

O Atlántico amortece as oscilacións térmicas diúrnas e estacionais, pero ao mesmo tempo alimenta en vapor de auga as masas de aire que asociadas ós sistemas perturbados, determinan un ceo moi anubrado e chuvia abundante. Así as precipitacións medias anuais atópanse na costa cara o sur no intervalo de 1.300-1.500 mm. que aumenta na costa cara o norte ata 1.500-1.700 mm, así como subindo en altitude chega ao intervalo 1.700-1.900 mm. e nas partes más altas do Barbanza chega a ter unha precipitación bastante superior a 1.900 mm. Os valores comprendidos entre a isoheta de 1.500 e 2.000 mm. son valores que representan unha pluviosidade forte. Este relevo litoral goza dunha exposición excelente para acentuar a condensación das masas de aire oceánicas cargadas de humidade.

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,


Asdo. José Manuel González García.



DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cencello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



XUNTA DE GALICIA


Aprobado definitivamente con suxección estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela



As precipitacións preséntanse todo o ano. Os meses más chuviosos son novembro, decembro e xaneiro, e os más secos, xullo e agosto. No ritmo estacional da precipitación é o verán a estación más seca, e os máximos de precipitación corresponden o inverno, ao que segue o outono e a primavera.



28 ABR. 2016

2.2.4. RADIACIÓN SOLAR

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

A comarca da Barbanza é unha zona cunha radiación solar que acada unha media anual de 320 cal/cm²/día. A radiación concéntrase sobre todo nos meses de verán.



2.2.5. CARACTERISTICAS OMBROTÉRMICAS

Son aquelas que relacionan a temperatura e a precipitación. Para expresar estas relacións empregaremos o diagrama de GausSEN e o climodiagrama. O primeiro estuda as relacions entre a pluviosidade e a temperatura, considerando como meses secos aqueles nos que as precipitacións teñen un valor menor que o dobre da temperatura mensual, polo que as escalas verticais empregadas son distintas. A intensidade e duración da seca estimase valorando a área na que a curva das precipitacións fica por baixo da curva de temperatura.

En base ao diagrama de GausSEN, apréciase como existe un significativo período de seca estival que se prolonga nos meses de xuño, xullo e agosto.

O climodiagrama é unha forma gráfica na que se representan, nun sistema de coordenadas cartesianas, as precipitacións e as temperaturas medias dos meses do ano.

No climodiagrama pódense apreciar as diferencias entre as dúas estacións onde as precipitacións no alto da serra son moi superiores. Apréciase o predominio das chuvias nas estacións invernal e outonal, que coinciden cos períodos de menor temperatura en ámbolos dous climodiagramas. Por último, resulta apreciable a seca estival, no verán, en ámbalas estacións.

2.2.6. CLASIFICACIÓN CLIMÁTICA DE PAPADAKIS

Este sistema de clasificación caracteriza o clima dende o punto de vista agroecolóxico.

Segundo esta clasificación, o municipio corresponde cun tipo de inverno "Citrus", agás as partes más altas da Barbanza que o un tipo de verán será "arroz". O seu réxime térmico é "Marítimo cálido" no litoral e "Temperado cálido" nas partes altas da Barbanza, e o seu réxime de humidade é "Húmido" en todo o municipio.

O tipo climático a que pertence o municipio, segundo esta clasificación é de "Marítimo temperado" para todo o litoral e as medias ladeiras do municipio, e "Temperado cálido" para os cumes da Barbanza.

Este clima marítimo temperado é apto para o cultivo de trigo, patacas, froiteiros e favorable para especies de prado.

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

consultora galega s.l.

Este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
Fernando González García
O secretario

Asdo. José Manuel González García



XUNTA DE GALICIA

Aprobado definitivamente con suxección estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data


28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

DIAGRAMA DE GAUSSEN
ESTACIÓN BARBANZA

- - - P (mm)
— T (°C)



DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



DIAGRAMA DE GAUSSEN ESTACIÓN RIBEIRA

XUNTA DE GALICIA

Aprobado definitivamente con suxección estrita ás
condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio
Ambiente e Ordenación do Territorio de data


28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela
García

----- precipitación
——— temperatura



DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



consultora galega s.l.

Este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

ESTUDIO DO MEDIO FÍSICO E RURAL



28 ABR. 2016



DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Cencello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

consultora galega s.l.

ESTUDO DO MEDIO FÍSICO E RURAL



DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

2.3. XEOLOXÍA

2.3.1. XEOMORFOLOXÍA

O municipio de Porto do Son pertence á península da Barbanza. É un enorme bloque de granitos e xistos levantado en épocas xeolóxicas recentes (a finais da Era Terciaria). Atópase situada entre as rías de Muros, ao norte, e Arousa ao sur, que se corresponden con bloques litorais afundidos na mesma época. Cara ao leste a serra do Barbanza úñese cos montes de Quintáns que caen sobre a Depresión Meridiana de Galicia por terras de Padrón. Por riba dos 500 metros a serra do Barbanza máis que unha serra é un extenso altiplano arrasado pola erosión.

A montaña máis alta da serra é o monte Iroite, con 685 m de altura, onde hai unha estación de vixilancia aérea do exército e un monolito do IGM. Outro pico pertencente ao municipio é o Pico Forcados, que é un cume de 618 m coroado por antenas e un monolito do IGM. Este pico atópase ao noroeste da Curota. Outro monte no concello é o Enxa, montaña puntiaguda de 543 m de altura que é claramente independente da Serra do Barbanza. Dende esta montaña cara o norte obsérvase a ría de Noia dende o seu comezo ata o monte Louro, e cara o sur separada por unha profunda depresión, aparece a serra.

A caída da serra sobre o mar reduce a chaira litoral a unha franxa costeira estreita que só supera os dous quilómetros cando segue o curso do leito dos pequenos ríos que nacen a occidente do bloque montañoso. A superficie chá está situada ata os 100 metros sobre o nivel do mar e domina unha liña de costa bastante recta.

A planicie costeira e a serra son os dous grandes trazos morfolóxicos do municipio, os dous elementos do relevo más característicos do municipio.

Os case 30 km. de costa do municipio aparecen dominados por un nivel costeiro a 100 m, que enlaza coas abruptas ladeiras da serra do Barbanza. Esta superficie chá, ensánchase a partires da parroquia de Baroña e adquire o seu máximo desenvolvemento polas parroquias de Queiruga, Caamaño e Xuño. Esta planicie costeira serve de enlace entre o mar e a serra.

Toda a fronte litoral está caracterizada por unha morfoloxía suave, pouco recortada. As formacóns areosas, dunas, lagoas, marismas, furnas, cantís, ramblas de bolos e praias levantadas aparecen nesta estreita franxa litoral.

Imos a analizar cada un destes trazos característicos da costa:

Ramblas de bolos (coios): son fragmentos de rochas redondeadas pola acción do mar. Atopámolas en Portosín, Porto do Son, Baroña, Teira e Valieiros. É posible recoñecer como estas ramblas de bolos son depósitos antigos, seguramente vinculados ao anterior período interglacial de fai uns 12.000 anos e durante o cal o mar tería acadado un nivel varios metros superior ao nivel actual.

Furnas: son covas presentes nos cantís e excavadas polas ondas. Temos unha furna excavada sobre granito de dúas micas, chamada furna de Forforrón, na praia do mesmo nome, e outra zonas de furnas e labirintos sobre xistos na zona de Punta de Pedras Negras, onde os estratos verticais de natureza xistosa dispónense paralelamente á liña de costa, favorecendo a erosión mariña que orixinou unha serie de pequenas furnas e labirintos (como observamos na praia das Furnas).

Tómbolos: como o de Castro Baroña onde un pequeno itsmo de area e pedras une a península do Castro con terra firme.

Praias: son os areais do litoral onde se produce unha acumulación importante tanto de orixe inorgánico (minerais procedentes da alteración das rochas) como orgánico (cunchas). Dende pequenas praias, ata praias extensas de grande lonxitude. Como a praia de Queiruga, praia de gran extensión ou a praia de Basoñas coas lagoas litorais.

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

ESTUDIO DO MEDIO FÍSICO E RURAL
Fernando García-Fente Varela



Lagoas litorais. Temos dúas: a lagoa de Muro, tamén chamada lagoa de Basoñas, separada do mar por un cordón de dunas fixas e pola enorme praia de Basoñas, e a lagoa de Xuño ao norte da anterior e pechada sobre unha pequena depresión do relevo.

Marismas: adxacentes á lagoas temos uns terreos enchoupadados e cubertos de vexetación.

Cantís: son as escarpas de erosión que permanecen sempre emerxidos. Hai pequenos tramos de costa rochosa de natureza granítica nuns tramos e xistosos noutros.

2.3.2. A COMPOÑENTE XEOLÓXICA

Os materiais predominantes no municipio son rochas ígneas: unha estreita franxa de ortogneis glandular no NE, granitodiorita con grandes cristais de feldespato, e maioritariamente granito de dúas micas. Xunto a rochas metamórficas: xistos e pizarras e rochas filonianas en cativos diques de cuarzo ou pegmaplitas, ademais de materiais de depósito do cuaternario: praias antigas, depósitos fluviais, de praias e marismas.

As rochas graníticas pertencen, na súa maior parte, ao denominado granito do Barbanza (granito de dúas micas) que é un granito de gran medio a grosso ($> 2\text{cm}$) que debido ao seu grao de deformación non forma bolos. Alternando con xistos e lousas que constitúen os relevos menos abruptos. Na zona suroeste aflora unha granodiorita con grandes cristais de feldespatos (ata $12 \times 6\text{ cm}$), onde a ausencia de deformación desta granodiorita dá lugar á típica morfoloxía de bolos.

Os depósitos cuaternarios son de praia, de marisma, de tramos de praias antigas e rasa litoral, que se atopan de 15 a 60 metros por riba do nivel actual do océano, xunto a depósitos de chairas aluviais e fondos de bagoadas.

2.3.3. RELEVO.

O relevo de Porto do Son é moi contrastado, como se pode observar no modelo dixital do terreo elaborado para o estudo sobre o medio rural. Esta ampla diversidade está por un lado en relación coa influencia da serra do Barbanza e coa elevada altitude que acada en poucos metros, se trazamos unha liña recta dende o mar ata o límite do concello.

2.3.4. HIPSOMETRÍA.

Na seguinte lámina podemos ver, de modo xeral, a hipsometría que presenta o concello de Porto do Son.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxección estrita ás
condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio
Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela




DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García



28 ABR. 2016



2.3.5. PENDENTES.

Á vista do anterior mapa de relevo que presenta unha clara variabilidade, tamén é de esperar para o caso das pendentes medias para o total do concello. As zonas próximas á serra do Barbanza presentan as maiores pendentes, xa que os pequenos ríos e regatos que incidiron sobre este macizo de bloques levantados, escarvaron uns vales que deixan nas súas marxes unhas fortes pendentes.

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario, *[Signature]*

Asdo. José Manuel González García.

ESTUDIO DO MEDIO FÍSICO E RURAL



XUNTA DE GALICIA

Aprobado definitivamente con suxección estrita ás
condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio
Ambiente e Ordenación do Territorio de data

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE PORTO DO SON


MEMORIA INFORMATIVA

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela



2.3.6. ORIENTACIÓN.

No plano da orientación que presentan os terreos de Porto do Son con respecto aos puntos cardinais, despréndense os valores expostos na seguinte gráfica:

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario
Consultora galega s.l.

Asdo. José Manuel González García.

ESTUDIO DO MEDIO FÍSICO E RURAL



Como se desprende desta, a maioría dos terreos de Porto do Son teñen unha orientación preferente en dirección O e NO. A tal efecto, os ventos con esta compoñente son os que máis se deixan notar e que afectan de xeito máis directo á poboación.

Ademais dos datos incluídos nesta gráfica, para cada un dos puntos cardinais, incluímos unha superficie de 10.08 hectáreas que son praticamente chairas. Nestas clases de solo de orientacións O – NO e nos terreos chairos, é onde se sitúa a maioría da poboación, salvo pequenas excepcións coma todo o val que se abre na parroquia de Ribasieira ao abrigo da primeira franxa da serra do Barbanza.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxección estrita ás
condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio
Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando González Varela



DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

consultora galega s.l.

ESTUDO DO MEDIO FÍSICO E RURAL




XUNTA DE GALICIA

Aprobado definitivamente con suxección ás
condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio
Ambiente e Ordenación do Territorio de data

MEMORIA INFORMATIVA

28 ABR. 2016



DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

consultora galega s.l.

ESTUDO DO MEDIO FÍSICO E RURAL



2.4. SOLO

DIXIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

2.4.1. INTRODUCCIÓN

De modo xeral, o clima moi húmido deste sector orixina solos cun contido elevado en materia orgánica. A topografía, que repercute no grao de evolución do perfil e da profundidade da mesma, está dominada polas pendentes, onde podemos ver solos que parten dun desenvolvemento moi pequeno na parte elevada das pendentes ata solos profundos do tipo *cambisol* nos fondos dos vales. Nas superficies de aplanamento nas partes altas da serra, pola dificultade de drenaxe e a abundancia de materia orgánica poden, ás veces, derivar en solos hidromorfos, en xeral *gley* ou *pseudogley*.

Os solos en canto ás súas propiedades son, en xeral, de escasa estrutura, granular ou arenosofrancos, ácidos e cun complexo de cambio fortemente desaturado; excepción dos arenosoles, totalmente saturados de Na, o que lle confire un pH moi alcalino, e o ter tamén carbonatos derivados da fragmentación das cunchas. (Segundo Suelos de la provincia de Coruña de F: Macias e R. Calvo 1992)

2.4.2. TIPOLOXÍA DOS SOLOS

Os principais solos do municipio son:

Os solos ranker

Os solos ránker son solos novos de pouca profundidade, cun horizonte orgánico que descansa directamente sobre a rocha nai (perfil AC). Dende solos esqueléticos nos cumes aplanados e nas abas, ata ránker atlántico, cun horizonte orgánico que pode pasar dun metro de profundidade, nas partes baixas das encontroas.

O *rochedo de silicatos* é a fase inicial (un solo esquelético), e caracterízase porque os afloramentos do material de partida superan o 50% da superficie. Este tipo de solos atopámolo nos sectores elevados da península granítica da Barbanza (O Barbanza, A Madalena, A Curota e Carreira) e localmente nalgún tramo de costa como Punta Cabeiro e en pequenas elevacións illadas.

Ao *rochedo de silicatos* segue na secuencia o *protorranker*, este caracterízase por unha capa de humus de pouco grosor formado por plantas almofadadas, que deixan á vista con frecuencia, o rochedo subxacente. Esténdese polas abas de pendentes acusadas dos relevos da Barbanza.

Os solos *ranker* son solos más desenvolvidos na secuencia evolutiva e aparecen nos vales xunto ós *cambisoles*.

Atopamos tamén solos *antropóxenos* que son os solos feitos polo home despois de moitos anos de cultivos; tanto son os solos que se fan removendo as terras das encontroas para achaialas e facer así os socalcos, ou simplemente polos solos cultivados a través de moitos anos.

Xunto a estes solos aparecen solos hidromorfos *gley* ou *pseudogley* na costa e no altopiano da serra.

2.4.3. CAPACIDADE PRODUTIVA DOS SOLOS.

Para a realización deste capítulo empregamos a información cartográfica e estatística contida no estudo "Capacidad productiva de los suelos de Galicia" realizado por Diaz-Fierros Viqueira e Gil Sotres (1984). Neste estudo aplícase a metodoloxía da F.A.O. de avaliación de terras, obtendo un mapa de Galicia a escala de síntese 1: 200.000 empregando datos xa existentes (información xeolóxica, topográfica, termopluvimétrica, fotografía aérea, traballo de campo, etc.). Trátase dun estudo dos solos en función dos factores que o limitan, permitindo obter información en relación ás posibles alternativas de uso das terras e facer comparacións cos usos reais das terras.


28 ABR. 2016





28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística



Foron seleccionadas unha serie de propiedades e calidades da terra, agrupadas segundo o seu tipo para a súa posterior representación cartográfica, elaborándose unha lenda composta de catro claves; os dous primeiros símbolos son letras maiúsculas e os dous seguintes son números árabes. A estes pódese engadir un quinto símbolo que designa a posible toxicidade do solo.

O primeiro símbolo (letra maiúscula do A ao G), define as posibilidades de mecanización, enraizamento e risco de erosión. O segundo (letra maiúscula L, M, P, T ou N) indica o período de temperaturas útiles para o crecimiento das plantas. Ámbolos dous símbolos son calidades moi difficilmente mellorables. O terceiro símbolo (número do 1 ao 9) define o exceso ou déficit de auga no solo, considerándose unha calidade que permite un certo grao de mellora. Por último, o cuarto símbolo (número do 1 ao 5) indica a dispoñibilidade potencial de nutrientes, considerándose que admite grandes posibilidades de mellora.

A continuación imos analizar cada unha desta calidades da terra a nivel municipal.

Polo que se refire ás clases de terra, segundo as súas calidades "moi difficilmente modificables", o municipio conta cun 30,3 % de terras da mellor calidade, fronte a unha porcentaxe 69,7 % que agrupa terras da clase D, E, F e G, que presentan problemas para a mecanización, riscos fortes de erosión, afloramentos rochosos, excesivas pendentes, problemas de enraizamento, etc.

Polo que respecta ás clases de solo segundo o período de risco de xeadas ao que están sometidos, débese indicar un case total predominio das terras da clase L (zonas nas que o risco de xeadas é inferior a 3 meses), que reúne ao 94,6 % das terras do municipio. O restante pertence á clase M.

En canto ás clases de solo segundo o réxime hídrico, o grupo principal corresponde ao das clases 6 a 8, sendo deste tipo o 95% dos solos; caracterizándose todos eles por ser solos ben drenados; o 1% dos solos ten graves problemas de hidromorfía.

Por último, e polo que se refire ás clases de solo, segundo a dispoñibilidade de potencial de nutrientes, é praticamente igual en todos os solos da clase 4 (con dispoñibilidade potencial de nutrientes mala, cunha saturación do 15 % ao 7 % e un pH de 4,5 a 5,0).

Unha vez analizadas as distintas calidades das terras, débese ter en conta que é a conxugación delas nun mesmo solo, o que dá lugar a diferentes calidades e distintas capacidades produtivas.

Podemos facer tres clases de terras:

Terras aptas para cultivos, prados ou pasteiros¹.

As terras aptas para cultivos, prados ou pasteiros representan 2.881 hectáreas, o que supón o 30,3% da superficie do municipio.

Terras de aptitude forestal (que subdividiremos en medre rápido e medre lento)²

As terras de aptitude forestal representan 3.617 hectáreas, o que supón o 38,1 % das terras.

Neste municipio poderían aumentar as terras de aptitude forestal ao poder plantar eucalipto en terras potencialmente só aptas para matogueira, segundo Albino Prada Blanco, xa que esta especie, nas condicións climáticas da costa da Coruña, podería plantarse nalgúns dos solos non aptos para ningunha outra árbore.

Tendo isto en conta, a superficie forestal podería aumentar case no 12%, en detrimento da superficie de mato, resultando un total de superficie potencial arborada do 50,04%.

¹ Sumatorio dos grupos (A,B,C,*C,*D)

² Sumatorio das seguintes clases de terras da op.cit de Fierras e Sotres:

- | | | |
|----------------------------|--------------------------|--|
| - da clase D as 4,5,7,8,9 | - ibidem da clase *F | - da clase G só a GM |
| - as mesmas da clase *D | - todas as clases E e *E | - do subconjunto de terras arborables todas as clases D e *D |
| - Toda a clase F (agás FT) | - da clase G só a GM | - das clases E,*E, F todas as que teñan 8,9 no seu réxime hídrico e con nutrientes < ou =4, tamén se inclúen todas as GM |

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,
consultora galega s.l.

Asdo. José Manuel González García.



As terras arboradas pódense desagregar así:

Coníferas de medre rápido

*Pinus pinaster, insignis, etc.*³. Da 3.093,2 hectáreas

Frondosas de quenda longa e coníferas

Tanto frondosas como Quercus, Castanea como coníferas como *Pinus sylvestris*, Abetos...⁴.


Resultando para o municipio soamente 523,9 hectáreas

Eucaliptais:

Temos 1.136,8 hectáreas con capacidade para repoboar con eucaliptais.

Terras de monte non arborables, só utilizable para monte baixo, mato e improutivo 5 chamado monte inculto.

CAPACIDADE PRODUCTIVA



As terras de monte non arborables representan 3.002 hectáreas, o que supón o 31.6 % das terras. (Na zona costeira da provincia da Coruña podemos incluír as terras de clase GL con déficit hídrico < 8 como aptas para as plantacións de eucaliptos, o que suporía neste municipio 1.136,8 hectáreas ou case o 12 % máis do total das terras para repoboación de eucalipto).

⁴ Sumatorio: todas as clases E, *E, F (Agás FT) se:

- o déficit hídrico é < ou = 6
- se o déficit de nutrientes é < ou = 4
- Todas as clases D e *D

⁵ Sumatorio:

- todas as terras FT
- todas as G agás as GM

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

[Signature]
Asdo. José Manuel González García.



DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario.

MEMORIA INFORMATIVA

Asdo. José Manuel González García.

2.5. HIDROGRAFÍA

2.5.1. A REDE HIDROGRÁFICA

A rede hidrográfica do concello de Porto do Son está formada por unha profusa rede de ríos e regatos que nacen todos eles no occidente da formación montañosa da Barbanza e desembocan na costa do municipio. Son por tanto ríos de curto curso, porque a presenza da Serra do Barbanza fai que os ríos do municipio non acaden gran lonxitude. Algúns ríos e regatos aproveitan liñas de fractura, outros percorren máis encaixados, e moitos teñen pendentes fortes nalgún tramo e forman gargantas de forte desnivel onde abundan os rápidos e as fervenzas, debido á proximidade da serra á costa. Son as pendentes fortes un elemento característico do sistema fluvial existente no municipio.

O caudal destes ríos e regatos, áinda que non moi abundante, mantén bo nivel en primavera, aumentando o nivel de auga no outono e sobre todo no inverno.

Dende a zona norte do municipio e seguindo en liña cara ao sur atopamos os seguintes ríos:

Río Ornanda: de escasa lonxitude, nace os 300 m e desemboca na praia do mesmo nome.

Río Igrexa, nace ós 500 m. e ten escaso caudal.

Río Sandián: de curto percorrido, nace os 440 m e desemboca na praia de Coira na parroquia de Goiáns.

Rego Sancho. Desemboca na praia do Puzo.

Río Cans. De maior lonxitude. Nace a 400 m. próximo ao alto de Bouzachán e desemboca na praia de Aguiéira, xunto ao río Quintáns.

Río Quintáns. Nace na ladeira sueste do monte Enxa. Recibe varios tributarios pola dereita antes de regar o fértil val de Nebra e ao final do seu percorrido xúntanse co río Cans para desembocar xuntos na praia de Aguiéira.

Rego de Porto Vello. De curso moi curto, nace a 220 m e desemboca na praia de Son ou Subigrexá

Río Maior e río Pequeno co tributario rego do Fontán desemboca na pequena praia do Dique (entre Castro e Queiruga). Constitúen unha importante rede fluvial pois achegan as súas augas outros pequenos regatos moi beneficiosos para a agricultura da zona.

Rego do Corzo de pequena lonxitude, nace a 260 m. e desemboca na praia Pimenta.

Río Sieira. O río Sieira é o río máis caudaloso e de maior lonxitude do concello. Nace en Valiantes nos altos de Raña e percorre de norte a sur durante varios quilómetros, preto de Xuño toma dirección oeste e desemboca na praia do río de Sieira.

Ten á altura da igrexa da Magdalena un afluente que nace en Inxerto, e ten unha ferruxa fervenza, dunha altura de caída de aproximadamente 20 m.

A ponte romana de Xuño atópase sobre o río Sieiro, entre as parroquias de Xuño e Caamaño, augas abaixo da ponte actual da estrada C-550 de Noia a Ribeira. Os datos históricos desta ponte son escasísimos. Actualmente atópase rexistrado co nº C-45 e a categoría III no inventario de Pontes Históricas de Galicia.

XUNTA DE GALICIA

Aprobado definitivamente con suxección estrita ás
condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio
Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

ESTUDIO DO MEDIO FÍSICO E RURAL



28 ABR. 2016

2.5.2. AS LAGOAS



O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Dunha zona deprimida da plataforma chá, onde empoza a auga subministrada polos regatos constitúronse dúas lagoas litorais.

Fernando García-Fente Varela

A lagoa de Xuño de menor extensión e a lagoa de Basoñas tamén coñécidase como lagoa de Muro. Esta última está separada do mar por un cordón de dunas fixas e pola enorme praia de Basoñas. Na marea alta a auga do mar penetra polo extremo norte da lagoa. O seu tamaño mingua considerablemente durante o estío, polo que esta lagoa é lixeiramente salgada.

A outra lagoa, a lagoa de Xuño está ao norte da lagoa de Muro. Ten unha forma redondeada, e está más separada da costa que a outra lagoa. Non mantén ningún contacto directo co mar. A barreira areosa é continua, carecendo de boca ou apertura permanente, polo que tecnicamente é unha lagoa pechada. Unicamente durante períodos de temporal, penetran augas mariñas a través dunha efímera boca. A salinidade é baixa, aínda que con lixeiras oscilacións, segundo a época do ano, dependendo da achega de auga doce de procedencia continental e do grao de evaporación.

O estado de conservación das lagoas é razoablemente bo pola baixa densidade de poboación e a dedicación da zona á agricultura tradicional e a pesca. Son, na actualidade refuxio de caza. O interese ornitológico de ambas é comarcal. Cómpre salientar que existe un fluxo continuo de aves entre Xuño e San Pedro e Corrubedo, xa que logo, débense considerar como partes dun mesmo ecosistema.

2.6. MEDIO BIÓTICO

2.6.1. FLORA

Vexetación dos rochedos costeiros

A vexetación que se asenta nestes lugares ten que aturar unhas condicións especialmente duras, entre as que salientan a ausencia de substrato de terra para enraizar, as salpicaduras do mar, o forte vento, o que impón unhas condicións ecolóxicas moi estritas e esixe unhas adaptacións moi específicas. A dureza das condicións ambientais fai que sexan moi poucas as especies capaces de aturas e, por tanto, que sexan poucas as especies representadas.

Liques do xénero *Lecanora*, *Caloplaca*, *Ramalin*, *Verrucaria* e *Xantoria*. Xunto Nas gretas das rochas podemos observar as plantas superiores características dos cantís como a *Armeria maritima*, e o *Crithmum maritimum*.

Vexetación da praias e dunas.

- Introdución.

Os areais son unha zona que impón unhas condicións ambientais moi duras. O substrato areoso é moi cambiante e móbil, polo que as plantas teñen que desenvolver estruturas de fixación e enraizamento moi especializadas. Coa proximidade ao mar aumenta fortemente a salinidade. Estas condicións, entre outras, impoñen ás plantas unhas adaptacións morfolóxicas e fisiológicas moi amplas. Cara ao interior, ao irse reducindo a intensidade dos condicionantes, aumenta a diversidade de especies e maila cobertura vexetal.

Os areais costeiros completamente desenvolvidos están constituídos por dúas partes ben diferenciadas: a praia e as dunas eólicas, que son depósitos de area que se atopan detrás da praia. O conxunto de ámbalas dúas formacións que conflúen nun mesmo contorno chamámoslle *sistema praia - duna*. Temos nos case 30 km. de litoral do concello varios exemplos de sistemas praia – duna, encontrándose unhas en aceptable e outras en bo estado de conservación. No entanto, a súa

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

28 ABR. 2016

Asdo. José Manuel González García.

destrucción e desestabilización debido á actividade humana, é moi fácil e por iso os sistemas están ameazados a curto e a medio prazo, se non se toman medidas de protección.

Así pois, nas praias nas que a acción antrópica foi menos intensa e nas que ainda se conservan dunas con cuberta vexetal son todas as praias desde Punta do Castro ata o límite sur do municipio. Nelás atopamos as comunidades vexetais que se describen a continuación, sendo a praia de Basoñas a que ten todas as franxas de vexetación, ademais de atoparse nun excelente estado de conservación.

- As comunidades vexetais dos sistemas praia-duna.

A vexetación atópase disposta en franxas ou cinturas orientadas en paralelo á liña da marea. Isto garda relación directa coa intensidade con que actúan os factores limitantes sobre as diferentes zonas do sistema. En cada franxa poden estar presentes unha ou varias comunidades vexetais que posúen os seus correspondentes requisitos ecológicos.

Primeira franxa de vexetación.

É a vexetación situada na zona supralitoral da praia. Esta liña está integrada por unha comunidade de especies anuais e de talla media. Pertence á clase **cakiletea maritimae**. Salientan as seguintes especies vexetais: *Cakile maritima*, *Polygonum maritimum* e *Salsola kali*.

Segunda franxa de vexetación.

Son, coincidente, basicamente, coa separación da estrada C-550 da banda costeira: o Castro de Baroña, illa do Mar, praia de Xuño, as Furnas, lagoas de Xuño e Muro, Peña Celta e praia de Seráns ou Espiñeirido. A zona paisaxística de monte abrangue toda a zona leste do concello, que vai variando en ancho ao longo do concello dependendo da configuración topográfica da zona costeira e os vales fluviais de uso agrícola, de xeito que esta zona de monte acada o seu maior ancho na zona intermedia do concello, nas parroquias de Noal e Baroña, cos montes Enxa e Dordo, este último case a carón do mar, coa vila de Porto do Son encaixada ao seu pé.

Trátase dunha paisaxe verdadeiramente representativa da bisbarra na que se inscribe Porto do Son: O **Barbanza**, picoutos, petóns, outeiros esgrevios, mesturados con dunas, areais, nun litoral permanentemente festoneado, no que van xurdindo enseadas xeralmente abertas, nas que se formaron impresionantes praias batidas con forza polo mar aberto: Espiñeirido, Seráns, Basoñas, Xuño, As Furnas, Porto Nadelas, Queiruga, O Dique, O Castro, Arnela, Fonforrón, Suiglesia, Caveiro e as xa más protexidas (por situarse ao abrigo da ría) de Aguiéira, Coira, Gafa e Ornanda, un rosario de expresivos nomes para esas expresivas entradas do mar na terra onde acouga o turismo no verán, que se complementa con esa outra fisionomía máis montaraz da serra do Barbanza na que se suceden os bosques, o mato, os pedregais, as telúricas formas de rocha, os regatos e as fervenzas nun amplio e vario repertorio de paisaxes, áinda naturais, salpicadas por pequenos asentamentos rurais estrateticamente situados e case inalterados.

É este un mundo cheo de sorpresas e matices, apetecido por todos aqueles que adoecen por unha natureza forte, esgrevia, logo de ter xa aborrecido o asfalto. Multitude de camiños en inmellorables condicións para camiñar a pé van enlazando os puntos significativos do concello, ao longo de mil perspectivas diferentes, polos que se camiña preto dos areais ou sobre do monte. Só cómpre establecer uns roteiros e sinalizalos axeitadamente para que todos, propios e forasteiros, poidan gozar estas marabillas que por sorte áinda permanecen, pero en grave perigo debido a certas actuacións, repetidamente sinaladas e que áinda seguen a producirse, que danan as esencias dunha paisaxe, praticamente única en Galicia, e amosan por igual a ignorancia e a nula preocupación polo contorno natural e histórico inmediato, sacando á luz a impronta imposible de agochar dunha sociedade desnortada. Unha actuación exemplar aquí, derrubando as construcións inzadas con desprezo á lei, mesmo, con "nocturnidade" e, quizais, con aleivosía; estamos seguros de que faría cible a apostar a prol dun modelo de ordenación no que a posta en valor da natureza se perfila coma a única posibilidade de explotación de novos recursos, en Porto do Son.

Na banda litoral do concello e principalmente na súa zona sur (e sobre as concas dos regatos que a ela verten os escasos caudais achegados polos seus curtos percorridos, na redonda das zonas de planicies aluviais do cuaternario máis acaídas para a explotación agraria) é onde a transformación da natureza primixenia resulta máis evidente. É aquí nestas zonas onde a topografía é tamén menos acusada, onde se dan as maiores concentracións urbanas e a meirande profusión de asentamentos rurais. Xa que logo, tamén é aquí onde a través da **agricultura** (roturación, acondicionamento e mantemento da capacidade agrolóxica dos solos) das obras de **enxeñería** (camiños, vedacións, pontes, regos, canles, peiraos..., etc.) e da **arquitectura** (todas as construcións, dende os alboios, canastros ou adegas, ata as casas, as igrexas, os pazos ou as fortalezas...), se foi conformando unha paisaxe fortemente humanizada a través de centos, de milles de anos de presenza das xentes sonenses sobre do seu territorio.

Dende a noite dos tempos ata hai ben poucos anos, esas intervencións tíñanse feito, polo común, gardando sempre o sentido da proporción, a escala.

Foi un proceso lento o que levou a unha paisaxe onde era perfectamente recoñecida a característica estrutura territorial concorde coa mellor explotación dos recursos -agrogandeiros, forestais, pesqueiros e marisqueiros- que permitían a pervivencia das comunidades que poboaban este extraordinario territorio.

Efectivamente, ata hai tan só vinte ou trinta anos, a ocupación do territorio e os usos do mesmo evidenciaban unha estrutura -e, xa que logo, unha paisaxe- na que a relación entre hábitat e recursos era perfectamente nidia. Os núcleos de poboación de todo tipo diferenciábanse, de seu, isto é, amosando o casarío tradicional, mais tamén en relación co territorio produtivo propio (agras, leiras, hortas, monte..., ata o mar, do propio núcleo ou da parroquia á que este pertencía, segundo os casos). Non tiñan chegado áinda nin a concentración parcelaria nin a repoboación forestal, e por conseguinte, o mosaico parcelario e

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello do Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxección estrita ás
condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de
Agricultura, Pesca e Desenvolvemento Rural
en virtude do seu competente territorio de aplicación

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE PORTO DO SON

MEMORIA INFORMATIVA

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II



a diversidade vexetacional conformaban paisaxes ben distintas á actual. Logo de se ter producido esas dúas grandes operacións no territorio, xurde unha paisaxe agraria radicalmente diferente. A concentración parcelaria, feita con pouco respecto para con preexistencias de forte contido paisaxístico, deu pé a unha estraña paisaxe na redonda dos núcleos. Non conseguiu case ningún dos obxectivos buscados e si trouxo unha ocupación indiscriminada de vivendas nesas zonas seleccionadas para uso agrícola, que influíu negativamente, non só nas terras concentradas, senón en todo o ámbito próximo aos núcleos de poboación -tanto urbanos coma rurais-. A repoboación forestal, a base de piñeiro e tamén de eucalipto, ao tempo de coutar unha explotación integral do monte, de atentar contra unha diversidade biolóxica que amosara a súa valencia ao longo de tantos séculos, modificou fortemente unha parte substancial da paisaxe sonense por mor dese carácter monocromático observable en todo tempo que lle confiren unhas árbores de folla non caediza (tanto piñeiro coma eucalipto).

Por último, a paisaxe sonense sufriu os atentados dun modo absolutamente equivocado de construír. Cada país (e dentro deste, cada comarca e, mesmo, ás veces cada parroquia), xerou un xeito de edificar, que se caracteriza por teren acuñado unhas tipoloxías edificatorias e uns patróns arquitectónicos propios. Porto do Son non foi unha excepción. Aquí, coma en Noia ou en Ribeira, en Pobra do Caramiñal ou en Boiro, foise conformando un "*modo de facer*" arquitectónico, perfectamente recoñecible coma pertencente á Zona do Barbanza. Núcleos urbanos mariñeiros, desenvolvidos preferentemente por mor do desenvolvemento da pesca e a industria da salgadura dende finais do XVIII e primeiros lustros do XIX. Trátase de núcleos con rueiro estreito, moi conformado pola topografía orixinal do terreo; xa que logo, un rueiro moi pouco xeométrico, en xeral (aínda que no caso da vila de Porto do Son quizais predomina a regularidade) pero si moi acaído para a protección do casarío fronte dos rigores da súa localización en primeira liña dos temporais. O casarío respondía a patróns típicos das vilas mariñeiras: fachadas estreitas, (ancho de remo) fondos irregulares, en xeral, tamén cáticos, inicialmente composto por casas terreas e posteriormente, de dúas plantas; construídas con fábrica de cachotería (a mampostería e o cadeirado correspondían á xente máis adiñeirada), recebada, enlucida e pintada ou encalada; dispón do tellado con cubrición de tella, a dúas tres ou catro augas. Do conxunto, extraordinariamente apegado á terra, á rocha que mesmo se deixaba aflorada para servir de alicerce e moitas veces de paramento, só sobresaían os edificios singulares: a igrexa, algunha casa podente, máis tarde, as instalacións fabrís.

As modificacións experimentadas no casarío ata os anos sesenta non representaron un cambio substancial do modelo. Mais, a partires dos anos nos que se produce o éxodo da poboación cara Europa ou as grandes cidades, empeza a rachar o modelo. O modelo produtivo sonense experimenta un proceso convulsivo (perda da importancia das explotacións agrarias, cambios na consideración dos produtos pesqueiros e marisqueiros, etc.). Hai necesidade -real ou aparente- de novos usos e, xa que logo, de edificios distintos para acubillalos. Ata aí nada específico de Porto do Son; foi a "*cartiga*" de todo o litoral. O que si se produce aquí de xeito distinto, preferentemente na vila, un mantemento salientable (respecto do resto de vilas mariñeiras da comarca (excepto Noia) da escala da edificación tradicional, no corazón do que podemos chamar "*Casco Histórico do Porto do Son*", aínda que existen abondosas mostras de actuacións fóra de escala, tipoloxías e materiais alleos, etc., basicamente no seu contorno periférico, pero en conxunto aínda se pode palpar a súa interesante paisaxe **urbana-mariñeira**.

A mala copia da chamada "*arquitectura funcional*" ou "*internacional*", foi atenazando dende fóra a vila tradicional, marcando unha nida fronteira entre ela e as expansións das últimas décadas, apoiadas basicamente na estrada C-550, pero esto é aínda máis nido na vila de Portosín, de moita menor entidade no pasado, e con moito máis crecemento no presente que Porto do Son, polo tanto a balanza desequilibrouse notablemente máis nesta pequena vila onde as mostras da vila tradicional son case anecdóticas e precisamente por iso hanse de conservar con máis urxencia os pequenos signos da súa identidade que quedan aínda en pé.

Deter a desfeita a tempo e mesmo recuperar valores paisaxísticos do inmediato pasado, debe ser unha preocupación dos rexedores e da poboación de Porto do Son se se quiere tirar proveito dese recurso, que pode ser importante se se guía ben, pero que pode ser desastroso se se fai mal por mor do turismo.

No caso da vila de Porto do Son, en función da súa complexidade urbana e parcelaria, así como dos valores que aínda se poden recuperar, parece necesario confiar a súa rexeneración a un estudio más detallado a nivel urbanístico, tal é co caso dun Plan Especial que trate de xeito pormenorizado parcela a



28 ABR. 2016

MEMORIA INFORMATIVA



O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

parcela, edificio a edificio as accións e as formas que deben guiar a actuación sobre elas, mantendo sempre a referencia a ese continente máis amplo no que se engloban.

IMPACTOS. TÁBOAS

IMPACTOS	CAUSAS	EFEKTOS	ACCIONES RECUPERACIÓN	LOCALIZACIÓN	ACTUACIONES
<ul style="list-style-type: none"> - Falta de arborado autóctono - Introducción de vexetación alóctona: piñeiro, acacias, eucaliptos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Aproveitamento agrícola - Aproveitamento forestal. - Aproveitamento - Gandeiro 	<ul style="list-style-type: none"> - Diminución de biodiversidade. - Perda da diversidade paisaxística - Incremento do risco de lume - Diminución da potencialidade turística. - Incremento dos lumes 	<ul style="list-style-type: none"> - Incremento da masa arborada - Substitución de piñeiro e eucaliptos por arborado autóctono 	<ul style="list-style-type: none"> - Conxunto concello. 	<ul style="list-style-type: none"> - Realización dun Plan de ordenación de recursos forestais - Recuperación da vexetación de ribeira
<ul style="list-style-type: none"> - Destrucción de ecosistemas litorais. - Areais - Dunas - Marismas 	<ul style="list-style-type: none"> - Infraestruturas de transporte. - Edificación de vivendas na liña de costa - 	<ul style="list-style-type: none"> - Diminución de biodiversidade - Perda da calidade paisaxística - Perda de aptitude turística 	<ul style="list-style-type: none"> - Ordenación de usos 	<ul style="list-style-type: none"> - Liña de costa 	<ul style="list-style-type: none"> - Plan de protección do espacio incluído dentro da Rede Natura 2000. - Racionalización de usos no resto do borde litoral.
- Destrucción da paisaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Construcción diseminada no espazo agrario. - Realización de pistas forestais - Destrucción da vexetación de ribeira 	<ul style="list-style-type: none"> - Perda de diversidade paisaxística. - Perda de actitude turística. 	<ul style="list-style-type: none"> - Axeitada planificación territorial. - Apantallamentos vexetais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Conxunto concello 	<ul style="list-style-type: none"> - Plan ordenación municipal

IMPACTOS	CAUSAS	EFEKTOS	ACCIONES RECUPERACIÓN	LOCALIZACIÓN	ACTUACIONES
- Abandono dos cultivos	- Perda de rendibilidade do sector.	<ul style="list-style-type: none"> - Incremento do risco de lume. - Incremento do mato de substitución. - Perda de patrimonio cultural. - Incremento da edificación diseminada 	<ul style="list-style-type: none"> - Incremento dos pastos. - Incentivar o cultivo de calidad. - Repoboacións arbóreas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Zonas agrarias 	<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da actividad gandeira. - Fomento da cría cabalar. - Reforestación con especies autóctonas. - Incentivo do cultivo de calidad

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE PORTO DO SON

MEMORIA INFORMATIVA

IMPACTOS	CAUSAS	EFFECTOS	ACCIONES RECUPERACIÓN	LOCALIZACIÓN	ACTUACIONES
Incendios	- Aproveitamento gandeiro. - Imprudencia no manexo do lume - Piromanos. - Causas naturais - Falla de limpeza no monte.	- Perda de vexetación - Perda de solo e incremento da erosión - Perdas de fauna - Alteración da paisaxe	- Limpeza do monte - Cumprimento das normas de uso do lume - Vixilancia e loita contra o lume.	- Superficie forestal - Superficie de mato.	- Plan Ordenación de Recursos Forestais
- Vertedero municipal e vertidos incontrolados.	- Falla de axeitado control por parte da administración competente. - Falla de sensibilización polos usuarios	- Contaminación do medio receptor - Impacto no medio perceptual. - Risco para a saúde.	- Plan de recollida de residuos sólidos urbanos. - Incremento da vixilancia. - Aplicación de normas coercitivas. - Campañas de sensibilización.	- Monte - Disperso por todo o concello	- Limpeza de residuos sólidos dispersos polo territorio - Plan de xestión de residuos sólidos. - Campañas de sensibilización.

XUNTA DE GALICIA

Aprobado definitivamente con suxección estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela



DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario

Asdo. José Manuel González García.

consultora gallega s.l.

ESTUDO DO MEDIO FÍSICO E RURAL

the first Americans who struggled
to become independent in their own
new country will always change
American politics and change
continues.

© 2007 Scholastic Inc. All rights reserved.

**XUNTA DE GALICIA**

Aprobado definitivamente con suxección estrita ás
condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio
Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Pian Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.





INDICE

3. ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL	5
3.1. A ESTRUTURA TERRITORIAL E PARROQUIAL	XUNTA DE GALICIA 5
3.1.1. Introducción.....	Aprobado definitivamente con suxección estrita ás condicións señaladas polo Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data..... 5
3.1.2. A estrutura comarcal: 5
3.1.3. A estrutura e xerarquización parroquial 7
3.1.4. Caracterización das parroquias: 8
3.1.4.1. Parroquia de san Pedro de Baroña	O xefe do servizo de Planificación Urbanística II..... 9
3.1.4.2. Parroquia de santa María de Caamaño 10
3.1.4.3. Parroquia de san Sadurniño de Goiáns	Fernando García-Fonse Varela..... 11
3.1.4.4. Parroquia de San Martiño de Miñortos 12
3.1.4.5. Parroquia de san Pedro de Muro..... 13
3.1.4.6. Parroquia de Santa María de Nebra..... 14
3.1.4.7. Parroquia de san Vicente de Noal 16
3.1.4.8. Parroquia de san Estevo de Queiruga..... 17
3.1.4.9. Parroquia de san Fis de Ribasieira..... 18
3.1.4.10. Parroquia de santa Mariña de Xuño..... 19
3.1.5. Os asentamentos de poboación 19
3.1.6. Tipoloxía e morfoloxía dos asentamentos 20
3.1.7. Evolución e xerarquía dos asentamentos 21
3.2. ANÁLISE PORMENORIZADA DOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN.....	26
3.2.1. Caracterización urbanística dos asentamentos 26
3.2.2. Os núcleos urbanos 26
3.2.3. Os núcleos rurais..... 27
3.2.4. Os usos do solo e a edificación nos núcleos 31
3.2.4.1. O uso residencial 32
3.2.4.2. Os usos comerciais..... 32
3.2.4.3. Os usos industriais..... 32
3.2.4.4. Os usos hostaleiros..... 32
3.2.4.5. Os usos equipamentais..... 32
3.2.4.6. Os espazos libres..... 33
3.2.4.7. O parcelamento catastral do solo nos núcleos 33
3.2.5. Análise da edificación..... 33
3.2.5.1. Evolución do parque edificatorio..... 33
3.2.5.2. Licenzas de construcción..... 33
3.2.5.3. A superficie edificada..... 38
3.2.5.4. Tipoloxías edificatorias..... 41
3.2.5.5. As construcións adxectivas..... 47
3.2.5.6. Estado de conservación..... 51

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario.

Asdo. José Manuel González García.

consultora galega s.l.





XUNTA DE GALICIA

3. ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL, con suxección estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

3.1. A ESTRUTURA TERRITORIAL E PARROQUIAL

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

3.1.1. INTRODUCCIÓN.

O concello de Porto do Son está situado ao oeste da comunidade autónoma galega e dentro dunha delimitación máis natural como o é todo o ámbito da serra da Barbanza.

A península do Barbanza salienta pola súa grande variedade e pola súa poñente esgrevidade. A natureza e o home cólense da man para darnos paisaxes fermosas, onde os contrastes e a variedade constitúen unha grande beleza. A dimensión relativa que presenta a serra con respecto á proximidade da costa, fai que a diversidade de formas e de tipoloxías construtivas chamen a atención. Dende tempos moi antigos, Porto do Son foi lugar escollido para asentamentos de poboación como o pon de manifesto a multitude de castros que atopamos na zona de entre os cales salienta o castro de Baroña (situado nun saínte mariño).

3.1.2. A ESTRUTURA COMARCAL:

Como xa se dixo ao principio desta memoria, a situación de Porto do Son con respecto da súa división comarcal suscita unha serie de dúbidas por canto que a división definitiva do mapa comarcal de 1997 o inclúe dentro da comarca de Noia, xunto cos concellos de Noia, Lousame e Outes. Esta división que atende a uns criterios xeográficos de certo modo cuestionables, baséase na delimitación da cuenca fluvial do tramo final do río Tambre. Con todo, as interrelacións que se dan en toda a bisbarra da serra do Barbanza son moi más fortes e polo tanto teñen que ser tidas en conta, sobre todo para analizar distintos tipo de procesos socioeconómicos e, ou de fluxos de poboación.

No entanto, e coa finalidade de conseguir dotacións e equipamentos que impliquen a mellora para a comarca proposta pola Xunta, imos a dar un maior detalle sobre a mesma.

A comarca de Noia está, pois, situada no extremo suroeste da provincia da Coruña. Os límites xeográficos da comarca son, polo norte as comarcas de Xallas, Barcala e Santiago, ao leste as comarcas de Santiago e Sar, ao sur coa do Barbanza por completo, mentres que no poñente linda coa comarca de Muros, así como coa ría de Muros e Noia.




Figura II.1: situación da comarca de Noia

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario:
Asdr. José Manuel González García.



28 ABR. 2016

MEMORIA INFORMATIVA



O xefe do servizo de Planificación

Fernando Gantxu Fente Vela

O marco territorial no que se atopa a comarca de Noia, xira basicamente no contorno da ría de Muros e Noia que se prolonga ao longo do saínte que configura a península do Barbanza. O concello de Noia, cunha densidade de (402,42 Hab/Km²), constitúe o centro da comarca e que presenta, á súa vez, unha densidade media de 155,13 Hab/Km² próxima á media galega que se sitúa en (94,54 Hab/Km²) para o ano 2009.

Esta densidade (alta para o concello de Noia) faina capital da comarca e tamén accolledora dunha serie de servizos, entre os que salienta a función do partido xudicial.

Pola contra, o concello que presenta a menor densidade de poboación para esta comarca é Lousame, debido case que de seguro, á súa posición más interior (o único dos concellos que non conta con saída ao mar) e condicionada pola estrutura da topografía do territorio.

No seguinte cadro aparecen reflectidas as densidades dos concellos da comarca, así coma o dato comparativo doutros ámbitos territoriais para facer as oportunas comparacións (Nomenclátor do 2008).

Densidades de Poboación:	Lousame	Noia	Porto do Son	Outes
Concello	39,37	402,42	103,97	74,44
Comarca		155,13		
Provincia		144,09		
Galicia		94,54		

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal
do Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,
José Manuel González García

Deste cadro sacamos pois unha serie de conclusións: a media de densidades da comarca situase en cifras próximas á da media galega, pero lonxe da media provincial, que xunto coa de Pontevedra (262,64) acadan os maiores índices a nivel autonómico.

A debilidade da cifra de densidades para esta comarca, seguro que ten a súa causa principal na elevada proporción de relevo montañoso, coa conseguinte dificultade para os sistemas de asentamentos (serra de Barbanza e de Outes), situándose a poboación ao pé das estribacións montañosas e próximas ao mar nas chairas aluviais de menores pendentes, e polo tanto más fáciles de cultivar ou "humanizar" (teorías clásicas sobre o modelo de asentamento para Galicia).

Nalgunha das parroquias do termo municipal, este sistema de asentamentos incluso se estende a cotas más elevadas, en localizacións de maior pendente, dado o grao de benignidade que presentan as condicións climáticas nun val ao abrigo dos principais ventos mariños e dos ventos fríos do norte. Así pois, na parroquia de Ribasieira, os asentamentos, acadan as cotas más elevadas nun val que se abre en dirección sur-suroeste. Porén, esta situación, é unha heridade doutros tempos e doutras esixencias do territorio que non son as que se demandan na actualidade, e que están a ser motivo de que estes asentamentos sexan os que máis poboación están a perder de todo o concello. Esta tendencia negativa puidera atopar a solución nunhas políticas baseadas no turismo natural, para o cal a ampla extensión do concello ofrece enormes vantaxes.

No tocante á estrutura física desta comarca, queda condicionada por unha serie de factores naturais, salientando a serra do Barbanza como condicionante ás comunicacións polo leste do concello de Porto do Son, e limita a inclusión deste na comarca do Barbanza.

Esta serra que salienta polo seu aspecto imponente ten, á súa vez, un valor natural e singular moi elevado.

Os ríos de percorrido curto pola proximidade da costa, descargan as choivas acumuladas na serra de forma rápida. Algún destes ríos de maior percorrido abren pequenos vales de orientación preferente, que como se dixo anteriormente, serven de asentamento para diversos núcleos de poboación.

No ámbito socioeconómico, as relacións coa veciña comarca do Barbanza son máis fortes do que cabe esperar a simple vista, e mesmo existen algúns servizos mancomunados no que participa o concello de Porto do Son.

Outro destes factores que son condicionantes do modelo de asentamento, é a ría que, á súa vez, serve de soporte para o desenvolvemento da maioría das actividades nas que se asenta a base



28 ABR. 2016


económica de toda a comarca. Dende antigo a vinculación co mar e coas industrias que del se derivan, foron o topico dominante, ao igual que noutrous moitos concellos que contan con litoral, tendo o mar como principal recurso. A desembocadura do río Tambre en Noia introduce ao amplo anfiteatro que se configura nos arredores da serra do Barbanza e a de Outes que cerra a comarca polo norte.

Para concluir esta análise da comarca, citamos os datos expostos no capítulo da descripción da xeoloxía e da xeomorfoloxía, xa que en toda a bisbarra desta comarca pódense atopar elementos naturais froito da evolución natural dos axentes de erosión (moi fortes o eólico, e o hídrico) que modelaron unhas formas espectaculares de por si.

3.1.3. A ESTRUTURA E XERARQUIZACIÓN PARROQUIAL

O concello de Porto do Son está configurado por dez parroquias (*san Pedro de Baroña, santa María de Caamaño, san Sadurniño de Goiáns, santa Mariña de Xuño, san Martiño de Miñortos, san Pedro de Muro, santa María de Nebra, san Vicente de Noal, santo Estevo de Queiruga e san Fins de Ribasieira*, todas elas con matices salientables, en función da súa situación xeográfica.

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno de Corporación o 25/02/2016.
○ secretario,
Asdr. José Manuel González García.



O modelo de asentamento que se pode apreciar para cada unha das parroquias vai a estar moi condicionada pola influencia duns factores que se poden dividir de xeito máis xeral en dous grupos:

Naturais (proximidade ao mar, pendentes, clima, etc...). Neste sentido, os factores más destacados para Porto do Son van a ser, por un lado a vinculación directa co mar, tendo moi presente sempre a montaña, xa que acada altitudes moi elevadas (Serra do Barbanza) en relación coa proximidade a respecto da costa.

Antrópico (infraestrutura viaria, etc...), son fundamentais á hora de comprender as relacións que se dan dentro do concello a este nivel. Dende o punto de vista da evolución e dinámica dos asentamentos nos últimos anos, pódese asegurar que teñen un peso máis forte na evolución da estrutura xerárquica en canto que experimentan cambios máis rápidos que aqueles outros.

No tocante á estrutura que se pode observar en cada parroquia, estes factores van a xogar un papel fundamental que nos vai a servir para unha posterior análise máis detallada para entender

28 ABR. 2016

o artellamento entre os distintos núcleos de poboación que integran a totalidade de cada parroquia.

O xefe do servizo de Planificación

Urbanística II

A xerarquia que se establece entre as parroquias vén dada, basicamente, polo grosor da poboación que reside en cada unha delas, así como das dotacións e servizos, que se localizan nas zonas próximas ás aglomeracións más importantes. Dende esta consideración é lóxico pois, que sexan as parroquias que contan cun núcleo urbano (**Goiáns e Noal**) as que teñan asignadas unha orde xerárquica maior pois en grande medida, atraen á poboación do seu contorno, ben dunha forma permanente (xente que se despraza a residir de xeito permanente ao urbano) ou a través de movementos pendulares, que tamén afectan aos concellos do ámbito comarcal, cuns núcleos rurais próximos que procuran os servizos que ofrece o medio urbano.

Certo é que algunas parroquia deste rural próximo, teñen unha dependencia case que total dos núcleos urbanos, xa que os criterios de autoabastecemento e sostibilidade doutras épocas atopan serias dificultades nos modos de vida actuais.

Estes núcleos rurais de menor peso, tanto se falamos da xerarquia como da cantidade de poboación, teñen un papel moi pequeno pero con todo son acubilladores de fermosas paisaxes que conservan en grande medida a tradición e polo tanto, pódense considerar portadores de valores culturais de grande importancia.

O mapa de densidades de poboación, para cada unha das parroquias, constitúe un indicador esencial desta xerarquia funcional da que estamos a falar.

Nome	Densidade
XUÑO (SANTA MARÍAIA)	95,05
CAAMAÑO (SANTA MARÍAIA)	96,04
QUEIRUGA (SANTO ESTEVO)	175,68
RIBASIEIRA (SAN FINS)	10,90
NEBRA (SANTA MARÍAIA)	49,40
GOIANS (SAN SADURNIÑO)	205,21
MIÑORTOS (SAN MARTIÑO)	130,61
MURO (SAN PEDRO)	80,55
NOAL (SAN VICENTE)	266,78
BAROÑA (SAN PEDRO)	58,86



Mapa e cadre sinóptico das densidades do concello de Porto do Son, onde salientan polas súas densidades as parroquias que acollen os núcleos urbanos de poboación.

A elevada densidade de poboación que presenta a parroquia de santo Estevo de Queiruga, obedece a que se trata dunha parroquia con moi pouca extensión de monte e que posúe un grande atractivo de cara ás novas edificacións, xa que nos últimos anos estívose a construír de forma considerable, vinculado en moitos casos a un aproveitamento turístico.

3.1.4. CARACTERIZACIÓN DAS PARROQUIAS:

A parroquia, pese a non ser unha división administrativa con recoñecemento xurídico, ten unha relevancia moi grande na distribución dos asentamentos en toda a Galicia. A orixe da división parroquial data de tempos moi antigos e polo tanto cun grande calado na xente e no modelo de asentamentos, en definitiva. A seguir pois, utilizaremos a parroquia como unidade básica para o estudio dos asentamentos, entrando en unidades de maior detalle, se así fose preciso. O núcleo de cada parroquia vai a estar constituído, na maioría dos casos, por un lugar central que adoita ser onde se atopa a igrexa parroquial, pois temos que ter sempre presentes que a propia división en parroquias estableceuse por motivos eclesiásticos.

Nunha primeira aproximación xeral, as parroquias presentan diversidades, en función da súa localización e da súa estrutura interna, respecto dunha serie de factores.

DILIXENCIA: este documento forma parte
 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
 Concello de Porto de Son aprobado polo
 Pleno da Corporación o 25/02/2016.
 O secretario

Asdo. José Manuel González García.



28 ABR. 2016

Xa que cada parroquia, presenta características individualizadas respecto aos asentamentos que nela se acollén, así como da disposición que presentan sobre o territorio, faise de seguido unha aproximación más individualizada para cada unha delas.



Fernando García-Fente Varela

Quirinyo


3.1.4.1. Parroquia de san Pedro de Baroña

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

Parroquia de Baroña

O secretario,

Aedo, José Manuel González García.



Entidades de poboación (datos 2008)

Está situada nunha zona, máis ou menos central, con respecto ao conxunto do concello. A súa delimitación axústase a un trazo que vai dende a costa ata o límite que marca a serra do Barbanza, co veciño concello de Boiro, polo leste. A morfoloxía do territorio segue a tónica que se presenta para a maioría das restantes parroquias, cun predominio da influencia do litoral no modelo de asentamento.

Ademais deste elemento tan importante como é o mar dende tempos moi antigos (Castro de Baroña), tamén salientan outros elementos de carácter físico como a profusa rede hidrográfica. Na zona máis ao leste desta parroquia tenen a cabeceira dous dos ríos más importantes como o Quintáns e o Sieira. Na parte da serra da Barbanza no sector máis oriental, salienta unha pequena elevación prelitoral anterior á serra que ten a súa máxima excepcionalidade nun pico elevado (monte Enxa), no que se atopa un posto de salvamento marítimo.


En canto ao modelo de asentamento da poboación, a proximidade á costa caracteriza a maioría dos asentamentos. A estrada AC-550 constitúe un eixe artellador, aínda que non acolle a importancia que se manifesta noutras parroquias, xa que aquí pódense observar núcleos que penetran nunha depresión cara ás terras más interiores en lugares como Penas, Tarrio, Orellán, etc...

En todo caso, non deixa de sorprender a elevada cantidade de terreo que áinda se dedican aos labores propios do agro galego.

Por outro lado, nos últimos anos, preto da estrada e próximos ao litoral, apareceron edificacións de nova planta que se sitúan un tanto á marxe da legalidade.



3.1.4.2. Parroquia de santa María de Caamaño



A situación dos asentamentos dispostos de forma case que lineal ao longo de dous eixes principais, a estrada AC-550 e os entrantes en dirección leste que constitúen os ríos de Rego de Corzo e Curral de Abaixo.

O modelo de asentamentos concéntrase unicamente no sector litoral, constituindo unha agrupación bastante consolidada, onde podemos atopar servizos urbanos como o saneamento na agrupación configurada cos lugares da Cruz, Campanario, Caamaño, e Portal. Nos últimos anos, as construcións de nova planta próximas ao bordo litoral case que constituíron un novo núcleo de poboación de ámbito máis disperso.

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

28 ABR. 2016


3.1.4.3. Parroquia de san Sadurniño de Goians

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

García-Fente Varela

Parroquia de Goiáns



Limita ao norte coa parroquia de san Martiño de Miñortos, ao sur con santa María de Nebra, ao leste co concello de Lousame, e ao oeste coa ría de Muros e Noia. É unha parroquia que ten a maioría do seu efectivo demográfico, xirando arredor dunha banda costeira ao pé dunha pequena planicie formada por un nivel antigo de praia.


Neste espazo a medio camiño entre o medio urbano de Portosín e a zona rural dos asentamentos máis periféricos, áinda se poden observar toda unha serie de terreos dedicados a unha grande variedade de usos tradicionais que se poñen de manifesto nun amplio mosaico de terreos agrícolas que, sen dúbida, transmite un alto valor paisaxístico para esta parroquia.

De igual xeito que no resto das parroquias con fronte litoral, o modelo de asentamento presenta dúas realidades ben diferenciadas. Dun lado, os asentamentos más tradicionais atópanse nunha localización a media ladeira arredor ao espazo agrario que se forma ao pé da serra da Barbanza e que se ve regado por pequenos regatos case que perpendiculares ao bordo litoral. Doutro lado, atopamos unha serie de asentamentos case que todos de recente formación, próximos á zona costeira con edificacións de tipoloxías alleas ao sistema de núcleos tradicionais e que teñen unha relación moi directa coa vivenda de segunda residencia. Como exemplo destes últimos casos, deberíamos falar de Eiravedra, O Pozo é o caso máis especial de Cadeiras que se presenta como unha urbanización intensiva sobre un espazo litoral sensible. A delimitación que se faga deste espazo, dende o plan xeral, será a de recoller a edificación xa consolidada, sen que se permitan novas ocupacións no espazo costeiro máis inmediato. Todos estes crecementos, así como os que se xurdan arredor do solo urbano de Portosín, vense apoiados directamente sobre a estrada autonómica AC-550.

Como asentamentos cunha forte identidade tradicional, hai que salientar os núcleos da Silva e Beneso, nos que se aprecia unha estrutura agraria apoiada en socalcos, debido á forte pendente da zona.



28 ABR. 2016

3.1.4.4. Parroquia de San Martiño de Miñortos
Área de servizo de Planificación
Urbanística II

É a parroquia más setentrional do concello. As relacións co veciño concello de Noia, adquieren aquí un apego especial, xa que o entramado das edificacións se prolonga dun concello a outro, presentando unha solución de continuidade que se manifesta en asentamentos, de morfoloxía lineal, seguindo sempre as principais vías de comunicación, neste caso a (AC-550). A tal definición responden sobre o plano, lugares como Frieiro e Boiro que se continúan no veciño concello. A distribución dos núcleos de poboación, dentro da parroquia, atende en base sobre unha estrutura agrícola, onde os asentamentos forman un contorno que delimita no centro hortas e terreos de grande valor agrolóxico e mesmo ecolóxico-ambiental.

En xeral todo o concello, conta cun alto potencial arredor da franxa litoral que presenta a súa porción nesta parroquia sobre o espazo comprendido entre o núcleo da Gafa, xa na parroquia de Goiáns, e o da Telleira na zona de Punta Batuda, ao norte do concello.

A parroquia de Miñortos, ten varias centralidades, en canto a equipamentos, que constitúen un lugar de encontro para os veciños. A maior centralidade, correspondería a un aglutinamento de lugares como Amoreira, Fontela, Linteiro e Souto (neste último onde se atopa a igrexa parroquial).

Non entanto, ao lado do bordo litoral e contando cunhas perspectivas moi favorables de cara a un posible desenvolvemento do turismo, atopamos uns equipamentos hostaleiros e de cámping (Punta Batuda) que veñen a confirmar un certo auxe deste tipo de actividades.

As estruturas territoriais que rexen a organización desta parroquia son as seguintes: a costa onde se organizan novos crecementos urbanísticos, sobre todo nas proximidades da praia de Ornanda e a expansión de Linteiro, cunha edificación caracterizada por ser estar vinculada, na súa maioría, a segunda residencia. O val agrario, que dende o norte se estende ata o límite que marca o río Ornanda, na zona sur da parroquia e que cara ao leste abrangue o veciño concello de Lousame. Este espazo agrario vese completado na definición dun modelo de asentamento tradicional característico pola existencia dun ámbito de uso forestal (ager + saltus). Arredor a



28 ABR. 2016


este sistema de zonas agrarias e espazos forestais, atopamos os núcleos propriamente de carácter tradicional e que se reflete claramente a través da interpretación do plano.

Algunhas das actuacións a considerar para esta parroquia, pretenden conseguir unha serie de espazos libres ao longo da costa dende o núcleo de Gafa ata Punta Batuda. Nesta zona, arredor ao núcleo da Telleira proponse a creación dun novo espazo libre que contribúa ao contacto co litoral, nesta zona.

Na contorna da praia de Ornanda e o camping de punta Batuda é preciso dotar de espazos libres suficientes, xa que esta zona amosa unha elevada intensidade de ocupación no período estival.

Preservar a estrutura dos núcleos tradicionais con identidades diferenciadas, de xeito que se contribúa a garantir a permanencia da estrutura agraria existente como valor de recurso futuro. Esta estrutura de núcleos diferenciados dentro dunha estrutura agraria bastante ben conservada contribúe, de igual xeito, ao establecemento dunha paisaxe moi nidia dentro do contesto de bordo litoral que posúe este concello.

3.1.4.5. Parroquia de san Pedro de Muro.



Está situada na zona más meridional do concello, limitando co veciño concello de Ribeira polo sur. A topografía do concello adoita unha morfoloxía bastante chaira con elementos físicos de elevado interese como o é todo o bordo litoral e sobre todo a lagoa de Muro, elemento catalogable, dado o seu interese ecolóxico. A pesares deste elevado valor ecolóxico, os terreos incluídos dentro da área da Rede Natura están a ser invadidos por un uso edificatorio, un tanto á marxe da legalidade. A tal efecto, atopamos unha elevada cantidade de vivendas que se viñeron a construir nos últimos anos e que se atopan nesta situación de desamparo legal e que terán que ser revisadas, na medida do posible, para que o Pan Iles poida dar acollida legal para poñer fin a este desastre do proceso edificatorio que se está a constituir.




3.1.4.6. Parroquia de Santa María de Nebra.

XUNTA DE GALICIA

Aprobado definitivamente con suxección estrita ás
condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio
Ambiente e Ordenación do Territorio de data

Parroquia de Nebra



DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.
Assinado por José Manuel González García.
O secretario,

O secretario,

Conta con concentración parcelaria de datas moi recentes, igual que a veciña parroquia de Noal, só que esta tena feita dende hai un chisco máis de tempo.

Dende unha aproximación xeral ao conxunto da parroquia, Nebra conta cunha pequena porción do litoral do concello, concretamente un areal próximo a punta Aguiéira e dende esta cara o norte.

Este areal de grande calidade ecolóxica, configúrase arredor dunha pequena desembocadura dun curto río (Cans) que se une uns metros atrás co seu principal afluente, o rego de Quintáns.

Na aproximación ao modelo de asentamento desta parroquia, chama a atención que a maioría dos asentamentos sitúanse nunha franxa, más ou menos chaira próxima ao bordo litoral e aos núcleos de poboación más importantes (urbanos) de todo o concello, como Porto Son e Portosín. O lugar de Calo máis ao leste parece escapar un pouco desta tónica para meterse nos dominios da serra do Barbanza. A pesar de que para a economía destes asentamentos, a agricultura ten cada vez menos peso, a concentración parcelaria e a mesma localización de cada un deles ao longo das ladeiras de pequenos outeiros e zonas más elevadas, fan evidente a tradición de deixar as terras más fondas e de maior valor agrolóxico para os cultivos.


Se facemos unha análise máis pormenorizada do modelo de asentamentos, en canto atendemos á súa distribución no territorio, temos que facer unha serie de diferenciacións. En primeiro lugar, temos que falar dos asentamentos situados nas proximidades da costa e da estrada AC-550 que presentan unhas edificacións más dispersas e onde se atopan previsións de solo para actividades industriais. No lugar de Prado, atopamos tamén unha serie de equipamentos coma o campamento xuvenil de Virxe de Loreto e unha pista deportiva. Aínda que a parcelaria tamén afecta esta zona, ten maior interese o criterio urbanístico.

Un segundo nivel dos asentamentos, de orixe máis tradicional, estaría formado por unha especie de anel que rodea aos terreos de cultivo. A este anel, circunscribense unha serie de asentamentos conformando un entramado continuo e no que se diferencian varios lugares a nivel estatístico. Estes lugares tenden todos a espallarse ao longo dos principais eixes de comunicación e continuar coa súa expansión, completando a malla que se configura ao seu arredor. En último lugar e para completar o comentario sobre os asentamentos desta parroquia, aparecen os lugares más adentrados na serra, do cal o lugar de Calo representa o mellor



28 ABR. 2016

MEMORIA INFORMATIVA



exemplo, ademais do a Senda. Estes núcleos presentan un tamaño de poboación moi pequeno e en clara regresión.

O resto da superficie da parroquia que se ixire na denominada serra do Barbanza, non presenta as condicións nin atractivos para que se poida desenvolver ningún outro asentamento.



Pasais sobre o rego Quintáns utilizados para salvar o río nos labores da agricultura tradicional e para cargar os sacos da moenda dende ou cara o muíño hidráulico. Na segunda imaxe pódense observar algúns dos métodos utilizados (canle do río formigonada) polas obras da concentración parcelaria para cruzar o río do que se abastece esta parroquia e mesmo os principais núcleos urbanos do concello.



Detalle dun rueiro empedrado no núcleo da Puilla.

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,


Asdo. José Manuel González García.




28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

3.1.4.7. Parroquia de san Vicente de Noal



Parroquia de Noal



De igual xeito que a parroquia de Nebra, Noal ten concentración parcelaria dende hai un chisco máis de tempo. Estas dúas parroquias son, de feito, as únicas de todo o concello que contan con esta reforma do solo. Causa que por outro lado non nos parece de agrado, xa que se viñeron a poñer fin a toda unha serie de paisaxes e de morfoloxías agrarias que deviñan de tempos ancestrais.

A estrutura do relevo para esta parroquia, diferencia tres niveis que se veñen a repetir máis ou menos en todo o concello. O litoral, a media montaña e os terreos chairos, van a ser os condicionantes esenciais para a aproximación á súa estrutura orgánica.

A xerarquía do modelo de asentamentos, presenta un núcleo urbano totalmente consolidado e completo de servizos que actúa, polo tanto, de polarizador para toda a parroquia e mesmo para o nivel de todo o concello.

As dúas estruturas que organizan o territorio desta parroquia, xiran arredor do núcleo urbano de Porto do Son e aos asentamentos que se sitúan nas zonas más chairas, onde se estableceu o proceso de concentración agraria. Non entanto, esta nova estrutura agraria, está a ser utilizada por algúns dos habitantes como novas oportunidades para o feito edificatorio cando se prohíbe por parte da legislación sectorial. Dende a vista aérea, a nova estrutura que presenta este territorio, presentando formulacións ortogonais nas novas estruturas do viario que choca con toda a estrutura ancestral do concello e das tipoloxías de asentamentos tradicionais. Ao longo dos últimos anos en toda esta zona de concentración parcelaria, foi onde aumentaron en maior medida as edificacións de nova planta. A estrada AC-550, igual que ocorría na parroquia de Nebra, está a ser constituínte dun eixe definidor do entramado da edificación.




28 ABR. 2016

A parroquia de Noal comparte similitudes coa de Nebra na estruturación do espazo agrario, onde unha serie de núcleos de pequena identidade e con carácter tradicional se atopan a medio camiño entre os terreos produtivos e as zonas de explotación forestal, seguindo o esquema típico do modelo de asentamento tradicional. As vías abertas pola concentración parcelaria con trazados ortogonais, levaron nos últimos anos á aparición de novas vivendas apoiadas sobre estes, contribuíndo á dispersión da edificación e que se deberá corrixir dende a elaboración do presente documento.

Na zona próxima ao cemiterio parroquial e do outro lado da estrada AC-550, no lugar coñecido como O Eiteiro da Tarela, situarase unha ampla zona dotacional.

3.1.4.8. Parroquia de san Estevo de Queiruga




Está situada aproximadamente, nunha situación central do litoral de Porto do Son. Ten un impresionante areal bañado polo Atlántico e protexido por unha serie de saíntes naturais como o son a punta Porcalleira, a punta das covas e, ao norte, a punta pombal ou punta do dique.

O esquema territorial é semellante ao das parroquias limítrofes e a mestura entre as planicies, o litoral e a montaña, é constante. A estrada AC-550 aparece como un claro eixe vertebrador da estrutura e malla da parroquia. Os distintos asentamentos aparecen dispostos arredor dela, nunha solución de continuidade da que só escapan algúns lugares de carácter totalmente illado como Gourís e as Xestas. A proximidade do litoral, xunto á fermosura da paisaxe, están a provocar que aparezan unha grande cantidade de edificacións de nova planta nos últimos anos. Nalgúns casos estas novas edificacións, mesmo se sitúan en espazos moi próximos á liña de costa, constituíndose en accións ilícitas. Tamén chama a atención algúns equipamentos deportivos en zonas próximas de monte. O carácter da parroquia é, na súa maioría, rural aínda que na actualidade se están a observar novas edificacións que obedecen a unha tendencia clara no aumento da segunda residencia.



3.1.4.9. Parroquia de san Fis de Ribasieira.



É a que presenta uns maiores índices de regresión en canto ao total da súa poboación. Na súa estrutura territorial, o primeiro que chama a atención sobre o resto das parroquias do termo municipal, é que non ten ese contacto co litoral que tanto se menciona. Os condicionantes físicos son, polo tanto, distintos e o factor orográfico xunto co río Sieira, van ser os grandes condicionantes á hora de tentar facer unha aproximación á morfoloxía do territorio e ao modelo de asentamento.

O val que abre o río Sieira en todo o territorio, dá acollida a unha serie de asentamentos que se sitúan, a media ladeira e na maioría dos casos, cunha orientación preferente nas ladeiras de maior insolación.

Se observamos o plano de hipsometrías do concello, vemos como o val do río Sieira se abre en dirección nordés, co cal, os ventos de dirección predominante van a ter unha compoñente suroeste. Este factor fai que ao ser un val orientado a ventos relativamente suaves e ao abrigo da serra con respecto dos ventos do norte, ocasiona que os asentamentos acaden nesta parroquia altitudes medias bastante más elevadas que o resto do territorio, próximos ao bordo litoral.


A estrutura dos asentamentos é concentrada nas edificacións pero dispersa en canto á localización dos distintos lugares no territorio. Os valores naturais salientan pola súa esgrevidade como a existencia dunha fervenza de 20 metros de salto aproximadamente.

A situación da igrexa e do cemiterio totalmente illados, con respecto ao resto de asentamentos, chama sen dúbida a atención, xa que ademais aparece a carón do río Sieira. Polo tanto, a xerarquía funcional dos asentamentos non está tan clara como para outras parroquias, ao depender, en maior medida, dos servizos que lles poden ofrecer os ámbitos urbanos. Os asentamentos son todos de longa tradición e chama a atención o elevado grao de mantemento dos terreos de cultivo, dadas as dificultades da zona. Toda esta parroquia ten unhas condicións naturais propias, dignas dunha protección natural de carácter especial.



3.1.4.10. Parroquia de santa Mariña de Xuño

28 ABR. 2016



Entidades de poboación para (datos 2008)

Xunto coa parroquia de san Pedro de Muro, constitúen as parroquias más meridionais do concello. A influencia do litoral predomina sobre os demais elementos físicos, aínda que coa serra sempre como telón de fondo. Ademais dos grandes areais presentes en case que toda a costa, rectilínea entre estas dúas parroquias, conta tamén cunha lagoa costeira de grande valor ambiental e ecolóxico. A lagoa de Xuño que xunto coa de Muro, están dentro dun amplo espazo da Rede Natura.

Na estrutura territorial, a estrada que vertebral todo o concello tamén ten a súa impronta en Porto do Son, de xeito que os principais núcleos de poboación acubillanse ao longo desta estrada principal, configurando un entramado grande, no que nos últimos anos se levantaron edificacións de xeito un tanto ilícito, xa que mesmo se insiren nos dominios da Rede Natura.

O propio val do río Sieira, aparece como outro estruturante natural de forte peso específico, xa que configura un val de enorme beleza, tanto pola paisaxe natural como cultural, representada pola acción da man do home sobre estas terras.

Algunhas construcións como por exemplo un equipamento deportivo, aparece na primeira liña de costa, cousa que non parece que sexa o máis axeitado.

Os asentamentos que se sitúan na marxe da estrada AC-550 son os que presentan un maior peso na estrutura desta parroquia, pero tamén cabe sinalar que máis ao leste se atopan outros asentamentos de menor entidade e que están en relación cos da veciña parroquia de Ribasieira e que orientan os seus faceres cotiás arredor ao río Sieira. Estes asentamentos, teñen unha vinculación moi forte cos sistemas de agricultura tradicionais e presentan unha tendencia da dinámica poboacional regresiva.

3.1.5. Os asentamentos de poboación

O medio rural de Porto do Son presenta unha grande variedade en canto á morfoloxía e tipoloxía dos asentamentos que podemos atopar. Esta diversificación responde a un xogo das variables que interactúan e determinan o carácter de cada asentamento, sendo estes os elementos claves para garantir a configuración interna das parroquias e a xerarquía que entre elas se establece.



28 ABR. 2016

MEMORIA INFORMATIVA

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística

O elevado número de asentamentos, que por outro lado podemos atopar neste concello, introducen uns matices que de seguro son obxecto de análises de tipo más pormenorizados.


Fernando García-Fente Varela

LITORAL

SERRA DO
BARBANZA

Fig 2: A media de altitude dos asentamentos de Porto do Son sitúanse moi próxima ao nivel do mar. Nesta figura, obsérvase que canto máis nos aproximamos ao litoral, a agrupación (que indica un elevado número de asentamentos nesa clase de cota) aumenta de xeito considerable.

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario:
Asdr. José Manuel González García.



Nesta figura, observamos de xeito moi global a estrutura que presenta o concello de Porto do Son no referente á estrutura xeral que presentan os asentamentos no territorio.

3.1.6. TIPOLOXÍA E MORFOLOXÍA DOS ASENTAMENTOS.

No aspecto funcional dun asentamento sempre se entendeu de forma especial a súa disposición e forma no territorio (polo tanto, referentes concretos sobre tipos e morfoloxías) para avaliar de xeito máis preciso as características que deviñan da forma de habitar, traballar e de facer da xente.

As distintas morfoloxías que se poden observar para os asentamentos de Porto do Son, veñen condicionadas, como xa se dixo noutros apartados, por unha serie de variables de índole diversa. Con todo, en función da topografía, chama a atención unha característica evidente. Os núcleos que se sitúan nas proximidades ou enclavados nas zonas de montaña, son núcleos más concentrados cunha améndoa de núcleo tradicional ben diferenciada. Estes núcleos, aínda que dun carácter más concentrado, teñen un tamaño medio de poboación medio-baixo. Isto aparece en contraposición a outros novos asentamentos que adoitan unha morfoloxía más dispersa e



28 ABR. 2016

que aparecen en terreos más chairos e abertos, sendo este un proceso impulsado dende varias sinerxias como as que ocasionou a concentración parcelaria, así como a existencia dunha rede viaria ampla para todo o concello que transcorre por esta parte máis baixa e que pon en contacto toda a ría de Muros e Noia en dirección norte-sur.

Doutro xeito, a paisaxe soniense sufriu os atentados dun modo absolutamente equivocado de construír. Cada país (e dentro deste, cada comarca e, mesmo, ás veces cada parroquia), xera un xeito de edificar, que se caracteriza por teren acuñado unhas tipoloxías edificatorias e uns patróns arquitectónicos propios. Porto do Son non foi unha excepción. Aquí, coma en Noia ou en Ribeira, en Pobra do Caramiñal ou en Boiro, foise conformando un "*modo de facer*" arquitectónico, perfectamente recoñecible coma pertencente á zona do Barbanza. Núcleos urbanos mariñeiros, desenvolvidos preferentemente por mor do desenvolvemento da pesca e a industria da salgadura, dende finais do XVIII e primeiros lustros do XIX. Trátase de núcleos con rueiro estreito, moi conformado pola topografía orixinal do terreo, xa que logo, un rueiro moi pouco xeométrico, en xeral (aínda que no caso da vila de Porto do Son, quizais predomina a regularidade) pero si moi acaído para a protección do casarío fronte dos rigores da súa situación, en primeira liña, dos temporais. O casarío respondía a patróns típicos das vilas mariñeiras: fachadas estreitas, (ancho de remo) fondos irregulares, en xeral, tamén cativos, inicialmente composto por casas terreas e posteriormente, de dúas plantas; construídas con fábrica de cachotería (a mampostería e a sillería correspondían á xente máis adiñeirada), recebada, enlucida e pintada ou encalada; dispondo de tellado con cubrición de tella, a dúas tres ou catro augas. Do conxunto, extraordinariamente apegado á terra, á rocha que mesmo se deixaba aflorada para servir de alicerce e moitas veces de paramento, só sobresaían os edificios singulares: a igrexa, algunha casa podente e, más tarde, as instalacións fabrís.

As modificacións experimentadas no casarío ata os anos sesenta non representaron un cambio substancial do modelo. Mais, a partires dos anos nos que se produce o éxodo da poboación cara Europa ou as grandes cidades, empeza a rachar o modelo. O modelo produtivo soniense experimenta un proceso convulsivo (perda da importancia das explotacións agrarias, cambios na consideración dos produtos pesqueiros e marisqueiros, etc.). Hai necesidade -real ou aparente- de novos usos e, xa que logo, de edificios distintos para acubillalos. Ata aí nada específico de Porto do Son; foi a "*cantiga*" de todo o litoral. O que si se produce aquí, de xeito distinto, preferentemente na vila, un mantemento salientable (respecto do resto de vilas mariñeiras da comarca (agás Noia) da escala da edificación tradicional, no corazón do que podemos chamar "*Casco Histórico do Porto do Son*", aínda que existen abondosas mostras de actuacións fóra de escala, tipoloxías e materiais alleos, etc., basicamente no seu contorno periférico, pero en conxunto aínda se pode palpar a súa interesante paisaxe **urbana-mariñeira**.

A mala copia da chamada "*arquitectura funcional*" ou "*internacional*", foi atenazando dende fóra a vila tradicional, marcando unha nidia fronteira entre ela e as expansións das últimas décadas, apoiadas basicamente na estrada AC-550, pero isto é aínda máis nidio na vila de Portosín, de moita menor entidade no pasado, e con moito más crecemento no presente que Porto do Son, polo tanto, a balanza desequilibrouse notablemente, máis nesta pequena vila, onde as mostras da vila tradicional son case anecdóticas e precisamente por iso se deberan conservar con máis urxencia os pequenos signos da súa identidade que aínda quedan en pé.

Deter a desfeita a tempo e mesmo recuperar valores paisaxísticos do inmediato pasado debe ser unha preocupación dos rexedores e da poboación de Porto do Son, se se quere tirar proveito dese recurso que pode ser importante se se guía ben, pero que pode ser desastroso se se fai mal: o turismo.

No caso da vila de Porto do Son, en función da súa complexidade urbana e parcelaria, así como dos valores que aínda se poden recuperar, parece necesario confiar a súa rexeneración a un estudo mais detallado a nivel urbanístico, tal é co caso dun Plan Especial que trate de xeito pormenorizado parcela a parcela, edificio a edificio as accións e as formas que deben guiar a actuación sobre elas, mantendo sempre a referencia a ese continente máis amplo no que se engloban.

3.1.7. EVOLUCIÓN E XERARQUÍA DOS ASENTAMENTOS

Segundo o Padrón actualizado do concello (o do ano 2008) o número de entidades singulares de poboación era de 146, repartidas así:

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.


secretario
Fernando José Manuel González Calvillo
Consultora galega s.l.



28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela



DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,
Asdr. José Manuel González García.

Baroña	13
Goiáns	12
Miñortos	9
Muro	11
Nebra	27
Noal	12
Queiruga	10
Ribasieira	10
Xuño	31
Caamaño	11



A evolución e xerarquía funcional que se manifesta en cada parroquia vai a condicionar os modos de vida e orixinar uns fluxos e dinámicas que non se poden entender se non se analizan de xeito máis detallado. A evolución da poboación en cada asentamento está vinculado a unha serie de factores, constituíndo a accesibilidade ás principais vías de comunicación, altitude a que se atope o asentamento ou a pendente, os factores máis subliñables. Así pois, para o caso de Porto do Son, podemos ver como a maioría dos asentamentos se atopan en zonas de pouca altitude media e próximas ao bordo litoral. Nesta franxa a ocupación é moi elevada, proceso que se incrementa ademais pola atracción que exerce a vía de comunicación norte sur que é a AC-550.

Esta ocupación próxima ao bordo litoral, non é característica única dos tempos que corren, senón que xa dende moi antigo, se deu, como se pode observar, na existencia do castro de Baroña.

26 ABR 2016
Urbanístico Servizo de Planificación
Dra. Paula Fernández Varela

Tan só se desmarca desta tendencia por así caracterizala, a parroquia de San Fis de Ribasieira que se asenta na cabeceira do val que orixina o río de Sieira nas estribacións da serra do Barbanza. Hoxe en día esta parroquia, así como a próxima de Santa María de Xuño, están a perder poboación nos núcleos que se situán próximos ás ladeiras dos montes próximos á serra. A falta dunha política que dinamice estas zonas, baseándose no turismo ou na explotación dos recursos naturais, fai-se necesario para frear esta tendencia negativa.

Respecto do censo de 1991, no que atinxé ao número de entidades, as variacións son mínimas, resultando un total de 140 entidades (1 menos en 1991).

As variacións operaron basicamente na parroquia de Muro, pois ofrece unha diferenza de 5 entidades menos no 91 que no 2000, e unha máis. As razóns desta variación poden ser unha simplificación excesiva nas entidades do censo do 91, pois as entidades que non aparecen nel son núcleos tradicionais dende sempre e cunha boa diferenciación entre eles.

Nas parroquias de Caamaño, Ribasieira e Xuño aparecen pequenas variacións dunha soa entidade, que responden aos pequenos axustes que se levan a cabo en cada Censo.

A evolución da ocupación¹ (densidade) do territorio ao longo do século pasou de 97,3 Hb/Km² en 1900 a 103,97 no 2009. A densidade máis alta produciuse en 1950 (114,48 hb/Km²).

Por parroquias, e referidas igualmente ao 2009, as densidades de poboación son as seguintes:

Baroña.....	58,86	Hb/Km ²
Caamaño.....	96,04	"
Goiáns.....	205,21	"
Muro.....	80,55	"
Nebra.....	49,40	"
Noal.....	266,78	"
Queiruga.....	175,68	"
Ribasieira.....	10,90	"
Xuño.....	95,05	"
TOTAL	103,97	"

Danse, pois, catro niveis de ocupación:

O da parroquia onde se asentan as dúas vilas: Goiáns e Noal, cunha densidade alta, propia das Rías Baixas.

O das outras 4 parroquias más marítimas (Caamaño, Miñortos, Queiruga e Xuño) con densidades menores, pero superiores á media galega e próximas á media municipal de Porto do Son.

O das parroquias que teñen unha boa proporción de monte ou litoral despoboado (Baroña, Nebra e Muro), situándose por baixo da media galega e municipal en razón das grandes extensións despoboadas.


O da parroquia interior situada por enteiro na Serra do Barbanza (Ribasieira), que dá unha densidade de poboación mínima polas dificultades propias do medio e a carencia de atractividade para as ocupacións vinculadas ao turismo das últimas décadas.

O número de habitantes por entidade, neste momento, desagregado por parroquias é o seguinte:

1 Todos os datos de poboación que se van a manexar refírense á poboación de feito, agás que se indique o contrario, no texto.



DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,
Asdr. José Manuel González García.


Baroña.....	59,1 hb/entidade.
Caamaño.....	54,7 "
Goiáns.....	121,7 "
Miñortos.....	54 "
Muro.....	83,5 "
Nebra.....	31,1 "
Noal.....	215,6 "
Queiruga.....	91,8 "
Ribasieira.....	10,5 "
Xuño.....	37,3 "

TOTAL CONCELLO 67,4 hb./entidade

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxección estrita ás
condicións señaladas pola Orde da Conselleira de Medio
ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela


No que atinxe ás dimensións poboacionais, os 146 núcleos do concello agrúpanse do seguinte xeito (Padrón 2008):

Nome Parroquia	Nº Entidades	< 100 Hb	De 100 a 200 Hb	De 200 a 500 Hb	De 500 a 1000 Hb	>1000 Hb
Baroña (San Pedro)	13	9	4			
Caamaño (Santa María)	11	10		1		
Goiáns (San Sadurniño)	12	6	5		1	
Miñortos (San Martiño)	9	7	2			
Muro (San Pedro)	11	7	3	1		
Nebra (Santa María)	27	26	1			
Noal (San Vicente)	12	10	1			1
Queiruga (Santo Estevo)	10	7	2	1		
Ribasieira (San Fins)	10	10				
Xuño (Santa Mariña)	31	28	3			
TOTAL	146	120	21	3	1	1

Observamos, facilmente que, a porcentaxe de núcleos con menos de 100 habitantes é maioritaria (82 %), de 100 a 200 é do 14 %, tan só hai un 2,8 % de núcleos entre 200 e 500 habitantes, e menos do 1 % de núcleos nos tramos de 500 a 1.000 e máis de 1.000 respectivamente, o que vén a corresponder aproximadamente ao sistema de poboamento medio galego.

Esta subdivisión das entidades, en función do seu tamaño de poboación, pon de manifesto a realidade de que as parroquias más rurais teñen un tamaño medio de poboación pequeno. A conclusión para este modelo de asentamento que se repite con maior frecuencia, sobre todo nas parroquias que se encaixan ao longo do val do río Sieiro, atende a uns principios de sostibilidade de recursos que hoxe en día teñen cambiado. Noutras épocas, un tamaño de poboación maior implicaría un esgotamento dos recursos naturais que servían de base para o sustento dos habitantes.

O total de poboación de cada un dos estratos dos anos 1991 e 2000 son os seguintes:

	1991	2000	% 1991	% 2000
< 100 hb.	4.403	3.632	42,3	34,7
De 100 a 200	2.396	2.825	23	27
De 201 a 500	1.479	1.307	14,2	12,5
De 501 a 1.000	0	527	0	5
> 1.000 hb.	2.135	2.173	20,5	20,8
TOTAIS	10.414	10.464	100	100



Evidentemente, é doado comprobar como o grosor da poboación vive áinda nos núcleos de pequeno tamaño; catro de cada dez persoas do Porto do Son vivían en núcleos de menos de cien habitantes en 1991, aínda que esa tendencia vén decrecendo nesta última década, despoboándose os pequenos núcleos e crecendo os de tamaño intermedio e grande. O expoñente máis salientable deste feito é o espectacular crecemento do núcleo de Portosín, cun 35 % máis de poboación nesta última década, debido ao seu maior potencial turístico, contrastando co míñimo aumento do 2 % da vila de Porto do Son. O resto dos grupos de núcleos por poboación repártense a diferenza dese 7,5 % que perden os más pequenos; aumentando un 4 % o grupo de 100 a 200, un 1,9 % o estrato seguinte de 200 a 500 (ponderando neste caso o cambio de grupo de Portosín), o 1,3 % de aumento xa indicado de Portosín, no novo grupo de 500 a 1.000, e o 0,3 % da vila de Porto do Son.

En calquera caso, os condicionantes xeográficos (orografía, relevo, solos, etc.) anque limitaron as zonas de asentamento, non impediron a creación dun importante número de asentamentos (146 ata a presente década), e que áinda se seguen a manter malia que nalgúns casos se están a fundir materialmente, debido ao seu crecemento.

O descenso de núcleos rurais (como entidades físicamente independentes) como consecuencia das tendencias espontáneas operantes nos dous ou tres últimos decenios, levou á mestura de algúns dos núcleos, situados na zona costeira, malia que esa mestura non é áinda o suficientemente forte como para reflectirse nos censos de poboación. Hai que dicir que para o conxunto da provincia ese fenómeno acadou ao 70 % e no conxunto de Galicia chega ata o 75 %. Dalgún xeito a estrutura territorial permanece áinda aquí mellor que noutras terras e bisbarras do noso país.

De calquera xeito, a característica máis salientable de Porto do Son é esa **existencia de dous núcleos urbanos polarizantes notorios**: a) Porto do Son de orixe romana ou talvez medieval, que debe a súa expansión tradicional aos cambios acontecidos no século XV e a máis recente aos cambios acontecidos na estrutura produtiva municipal e ao desenvolvemento portuario e turístico; e, b) Portosín de orixe quizais tamén romana evoluciona coma consecuencia do desenvolvemento pesqueiro e marisqueiro dun pasado recente, tendo o seu crecemento actual concentrado no seu atractivo e servizos turísticos ofertados.

Xunto a eles salientan tamén algúns núcleos máis, que en case todos os casos se sitúan en zonas compostas por sucesión de núcleos, ao longo da estrada AC-550, principalmente nas parroquias de Queiruga, Caamaño, Xuño e Muro, que en calquera caso áinda manteñen a súa estrutura de núcleos rurais, anque van evolucionando na súa complexidade.

Outro grupo de asentamentos claramente distinto é aquel que comprende a todos aqueles que se sitúan ou ben na zona alta do concello, nas estribacións da Serra do Barbanza ou os que están notablemente afastados dos viarios principais de comunicacións, pois neste caso a súa tipoloxía é de tipo tradicional, vinculados basicamente, áinda hoxe, á explotación do sector primario.

O último grupo de asentamentos é aquel xurdido nas últimas décadas ou ben a carón dos núcleos tradicionais ou de xeito máis independente, por razóns basicamente turísticas, e situados en todos os casos nas inmediacións da costa da zona norte do concello, por riba da vila de Porto do Son, compostos por vivendas unifamiliares illadas, e nalgún caso por estrañas amalgamas de apartamentos

Resumindo. Podemos dicir que hoxe en día é nidia a existencia de dous núcleos que se poden caracterizar coma urbanos, tanto polo monto poboacional, como pola estrutura do poboamento, a diversidade de usos, do espazo e a edificación, a existencia de servizos urbanísticos, etc. Trátase, repetimos, dos núcleos de **Porto do Son e Portosín**.

Non está clara a existencia de núcleos urbanos no resto de parroquias costeiras, nas zonas vinculadas aos eixes básicos de comunicación, por máis que o agrupamento de varios núcleos tradicionais se poida considerar xa coma algo distinto ao xeito de asentar tradicional. Pero inclinámonos a seguir tratando o conxunto resultante coma núcleos rurais, basicamente campesiños, onde se dan diversos graos de ~~concentración~~ e concentración da edificación e onde a diversidade de usos aumentou pero non coma para consideralo nun núcleo urbano.

*Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,*



28 ABR. 2016

Deténtanse tamén algúns asentamentos rurais de recente formación, como xa se teñ indicado anteriormente, vinculados a usos turísticos, entre os que se poden salientar: en Miñortos o Casario Cabalo, a zona de praia Gaivota e a Gafa; en Goians a zona do Castro e Aguiñeira; en Nebra a zona oeste de Aguiñeira (O Prado); en Noal a zona de Caveiro, ou mesmo en Baroña preto de Porto Nadelas.

Houbo tamén outras actuacións puntuais absolutamente ilegais e ilexítimas (algúns das amplamente coñecidas e divulgadas) que só fixeron emporcar unha paisaxe marabillosa que é un ben prezado de Porto do Son que é preciso conservar, non só por esixencias xurídicas, éticas e estéticas, senón tamén por imperativos económicos.

Porto do Son ten que "explotar" a súa incomparable natureza e non se poden permitir estas actuacións. O Concello, nisto, xulgamos que ten que ser inflexible, e a canle para as novas implantacións de asentamentos é únicamente o que se poida levar a cabo nas áreas de solo rural non protexido ou solo urbanizable nas condicións que se establezan na normativa correspondente.

3.2. ANÁLISE PORMENORIZADA DOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN

3.2.1. CARACTERIZACIÓN URBANÍSTICA DOS ASENTAMENTOS

A efectos da consideración e tratamiento dende o punto de vista do urbanismo, faise precisa e necesaria, a diferenciación clásica entre asentamentos urbanos e rurais, xa que os réximes lexislativos e de planeamento son ben distintos para cada caso. Esta división tamén inflúe, como é lóxico, na distribución dos servizos e equipamentos onde predomina unha clara concentración dos mesmos no ámbito urbano, aínda que no rural adquieren tamén un importante papel, sobre todo os lugares que actúan como punto de encontro de actividades sociais no medio rural (son os lugares de maior funcionalidade dentro de cada parroquia).

3.2.2. OS NÚCLEOS URBANOS

Nas Normas Subsidiarias Municipais vixentes delimitáñase únicamente dous núcleos urbanos, Porto do Son e Portosín, parroquia de San Vicente de Noal e parroquia de San Sadurniño de Goians, respectivamente, e que na realidade se poden considerar como tales. Na actualidade, esas delimitacións non están aínda colmatadas, pois a demanda edificatoria non puido aínda encher nin de lonxe (en 6 anos de vixencia) todo o solo delimitado, en parte debido (en determinadas zonas) á xestión necesaria para acadar o dereito a edificar nas unidades de actuación delimitadas, de superficie bastante grande e con numerosos propietarios, que dificultou aínda máis o seu desenvolvemento. No entanto, nalgúns zonas moi puntuais o solo urbano -obxectivamente considerado, é dicir, aquel que dispón de servizos urbanísticos ou se atopa enclavado en zonas onde a consolidación pola edificación é superior a 2/3- traspasou as barreiras da delimitación de solo urbano vixente, polo tanto cómpte axustala neses casos.

Nas NN.SS, tamén existen delimitacións de solo urbano nos núcleos rurais seguintes:

- En Baroña: Igrexa.
- En Caamaño: Barrento, Caamaño, Campanario, Cruz, Pulida e Portal.
- En Goians: Benoso, Eiravedra, Mantoño, Pozo e Silva.
- En Noal: Cabanela, Laxes e Noal.
- En Queiruga: Braña, Igrexa, Santa Lucía, Mañufe e Tarrío.
- En Xuño: Campanario, Carrapatal e Carballido.

De calquera xeito, obxectivamente, estes últimos núcleos aínda non acadaron o concepto de núcleos urbanos, por non ter aínda a complexidade, as interrelacións e o substrato físico propio daqueles, por tanto, a todos os efectos imos a consideralos como núcleos rurais.

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Assinado: José Manuel González García.



3.2.3. OS NÚCLEOS RURAIS.

En moitos casos a expansión do feito edificatorio dos núcleos urbanos enlazou cos núcleos rurais tradicionais próximos. Noutros casos a expansión dos propios núcleos rurais –sobre todo os asentados sobre da estrada AC-550 levou á formación de núcleos de hábitat sen solución de continuidade, que xa son na práctica, núcleos únicos cun certo grao de urbanización.

Pola contra, os núcleos rurais más afastados da costa e das vías principales de comunicación estancáronse no seu crecemento, mantendo os seus usos tradicionais e nalgún caso tendendo á súa despoboación.

Para ser más precisos neste estudo imos a facer unha aproximación máis detallada dos asentamentos rurais que por outro lado é de obrigado cumprimento da última modificación da lei (2/2010).

CADRO RESUMO DOS ASENTAMENTOS DE PORTO DO SON (CENSO 1991)

PARROQUIA	TIPO DE NÚCLEO	Nº VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO
BAROÑA (S. Pedro)			
Abuin	Aldea	62	184
Arnela	Aldea	40	86
Campanario	Aldea	15	37
A Igrexa	Aldea	19	66
Lavandeira	Aldea	3	18
Montemuiño	Aldea	9	27
Orellan	Aldea	37	134
Penas	Aldea	34	95
Raña	Aldea	2	15
Seoane	Aldea	3	14
Tarrío	Aldea	12	26
Udres	Aldea	8	25
Vilar	Aldea	40	151
TOTAL PARROQUIA		284	878

XUNTA DE GALICIA

Aprobado definitivamente con suxección estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



PARROQUIA	TIPO DE NÚCLEO	Nº VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO
CAAMAÑO (Sta. M ^a)			
Caamaño	Aldea	111	345
Campanario	Aldea	21	58
Candeiro	Aldea	2	7
Corzo	Aldea	29	92
A Cruz	Aldea	17	63
Esparelle	Aldea	12	44
Portal	Aldea	3	13
Pouso	Aldea	2	0
Ponte	Aldea	2	12
A Pulida	Aldea	10	29
Rocío	Aldea	3	5
TOTAL PARROQUIA	Aldea	212	668
GOIANS (S. Sadurniño)			
Valcunqueiro	Aldea	19	33
Beneso	Aldea	56	153
Campanario	Aldea	40	131
Eiravedra	Aldea	37	83
Freixedo	Aldea	61	150
A Igrexa	Aldea	1	6
Mantoño	Aldea	25	52
Mariño	Aldea	44	95
Motega	Aldea	5	21
Portosín	Aldea	361	389
Pozo	Aldea	26	21
Silva	Aldea	53	164
TOTAL PARROQUIA	Aldea	728	1.298
MIÑORTOS (S. Martiño)			
Amoreira	Aldea	54	116
Boiro	Aldea	74	123
Bouzas	Aldea	13	25
Couto	Aldea	4	8
Fieiro	Aldea	23	53
Fontela	Aldea	12	24
A Gafa	Aldea	18	39
Linteiros	Aldea	67	67
Souto	Aldea	14	31
TOTAL PARROQUIA	Aldea	279	486

XINTA DE GALICIA
suxelación estreita ás
Aprobado definitivamente con
condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio
Ambiente e Ordenación do Territorio de data
28 ABR. 2016

O Xefe do servizo de Planificación
Urbanística II
Fernando García-Fenta Varela


DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



PARROQUIA	TIPO DE NÚCLEO	Nº VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO
MURO (S. Pedro)			
Campo de Patas	Aldea	7	26
Carballosa	Aldea	74	269
A Igrexa	Aldea	6	30
Lapido	Aldea	2	1
Rial	Aldea	12	54
Sta. Clara de Novás	Aldea	180	631
TOTAL PARROQUIA	Aldea	281	1.001
NEBRA (Sta. M ^a)			
Belga	Caserío	1	4
Calo	Aldea	18	57
Campos de Prado	Aldea	97	108
Cans	Aldea	54	90
Carantonía	Aldea	7	25
Castrallón	Aldea	11	34
Coira	Aldea	3	13
Curro	Aldea	4	12
Escorrentada	Aldea	3	6
Foloña	Aldea	7	26
A Igrexa	Aldea	38	107
Orseño	Aldea	18	51
Pazo	Aldea	3	8
Pedra do Lobo	Aldea	2	6
Pedreixoa	Aldea	5	18
Perceboi	Aldea	5	26
Perdigueira	Aldea	6	18
A Puilla	Aldea	18	64
Puillaboa	Aldea	4	5
Queiro	Aldea	8	25
Quintáns	Aldea	33	84
Resua	Aldea	36	101
Sendía	Aldea	4	17
Sobrado	Aldea	11	24
Tores	Aldea	6	24
Xosín	Aldea	3	12
Yeste	Aldea	5	14
TOTAL PARROQUIA	Aldea	410	979

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

consultora galega s.l.




PARROQUIA	TIPO DE NÚCLEO	Nº VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO
NOAL (S. Vicente)			
Agrelo	Aldea	12	47
Cabanela	Aldea	31	98
Castelo	Aldea	10	36
Catadoiro	Aldea	2	12
Caveiro	Aldea	35	10
Laranga	Aldea	18	59
Laxes	Aldea	18	15
Loreto	Aldea	15	33
Noal	Aldea	26	56
Outeiro	Aldea	16	50
Porto do Son	Aldea	1.047	2.136
Torón	Aldea	4	14
TOTAL PARROQUIA		1.234	2.566
QUEIRUGA (S. Estevo)			
Devesa	Aldea	3	19
Goltar	Aldea	27	85
Gourís	Aldea	2	8
A igrexa	Aldea	7	24
Queiruga	Aldea	58	220
Sta. Lucía	Aldea	22	51
Tarela	Aldea	33	143
Tarrío	Aldea	140	476
Vilicosa	Aldea	2	13
Xestas	Aldea	1	3
TOTAL PARROQUIA		295	1.042
RIBASIEIRA (S. Félix)			
Bustiguillade	Aldea	3	15
Bustoseco	Aldea	3	10
Cabrais	Aldea	7	21
Calvelle	Aldea	6	28
Godón	Aldea	2	6
Enxerto	Aldea	11	31
Magdalena	Aldea	1	-
Pousacarro	Aldea	3	11
Tara	Aldea	2	3
Xufres	Aldea	7	25
TOTAL PARROQUIA		45	150

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Concello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

28 ABR. 2016



XUNTA DE GALICIA
Ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 28 ABR. 2016
Aprobado definitivamente con suxección estíta ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 25/02/2016.



DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,
Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxección estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Consellera de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Esteve Varela



PARROQUIA	TIPO DE NÚCLEO	Nº VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO
XUÑO (Sta. Mariña)			
Abelendo	Aldea	2	6
Agra	Aldea	59	159
Aradiza	Aldea	1	3
Campanario	Aldea	4	19
Carballal	Aldea	29	95
Carballido	Aldea	19	72
Carrapatal	Aldea	31	82
Castelo	Aldea	10	24
Cernadas	Aldea	5	15
Coviña	Aldea	13	49
Cruceiro	Aldea	15	40
Curro	Aldea	43	15
Foxo	Aldea	2	10
Guiandon	Aldea	5	19
Laranga	Aldea	42	150
Laxes	Aldea	2	8
Moucho	Aldea	7	25
Outón	Aldea	11	42
Parada	Aldea	26	109
Pedras Altas	Aldea	2	15
Pocilgas	Aldea	1	6
Pozo Negro	Aldea	2	6
Pozocho	Aldea	3	6
Prado do Monte	Aldea	3	7
Sieira	Aldea	14	80
Trabes	Aldea	10	42
Trasdoanes	Aldea	14	50
Ventoso	Aldea	1	-
Vistipoi	Aldea	6	25
Zapatal	Aldea	11	22
TOTAL PARROQUIA	Aldea	393	1.336
TOTAIS		4.161	10.414

3.2.4. OS USOS DO SOLO E A EDIFICACIÓN NOS NÚCLEOS

A información acerca dos usos urbanos reflíctese nos planos de información que serven de cartografía-base do presente PXOM, que no que atinxe aos dous núcleos urbanos –Porto do Son e Portosín-

Falando con rigor, só existen usos urbanos -ou sexa usos diversos distintos aos de vivenda e agropecuarios que decote xorden nos núcleos rurais- neses dous núcleos citados: Porto do Son e Portosín.



Nos dous podemos detectar, ademais, **usos residenciais** diversificados (vivenda individual, vivenda colectiva) usos **comerciais** (oferta comercial tamén diversa), **industriais**, (industria pequena polo xeral, obradoiros, etc.), **hostaleiros** (cafés, bares, tabernas, restaurantes, fondas, etc.), usos **equipamentais** (ensino, deporte, cultura, etc); **portuarios** (pesqueiros basicamente en Porto do Son e sobre todo por volume en Portosín, e tamén deportivos nesta última vila). Tamén se dan nos dous casos o **uso agropecuario mesturado cos xa citados**, uso que se materializa na existencia de pequenos hortos no interior dos cuarteiróns que se foron definindo na expansión urbana espontánea nos intersticios da edificación extensiva, ou nas zonas de bordo.

3.2.4.1. O uso residencial

É o uso inmensamente maioritario nos dous núcleos urbanos. Concrétase por suposto nas vivendas unifamiliares e nas plantas altas da edificación en altura, mais tamén en moitas plantas baixas da edificación, sobre todo nas zonas más antigas dos dous núcleos. Só nas plantas baixas da edificación destinada a vivenda colectiva, construídas máis recentemente, é onde non aparece este uso, por mor da mímese de dedicar con carácter xeral a planta baixa a usos terciarios ou a pequenos obradoiros, que se dá nas cidades e grandes vilas.

Os únicos edificios que non conteñen uso residencial, no interior dos dous núcleos, son os que acollen as industrias, xeralmente de maior porte, que acubillan usos equipamentais públicos ou privados (administrativos, sanitarios, docentes, relixiosos, etc.) ou os que están destinados a usos portuarios.

3.2.4.2. Os usos comerciais

Como é lóxico (e xa apuntamos) é nas dúas vilas onde se concentran os usos comerciais, fundamentalmente na vila capital do concello, en Porto do Son. Polo de agora, a localización dos usos comerciais repártese entre as zonas antigas e as novas, pero obsérvase unha certa tendencia á expansión destes usos cara ás zonas novas dende os cascos vellos. Unha política de rehabilitación acaída sería suficiente para contrarrestar esa tendencia.

3.2.4.3. Os usos industriais

Como xa se contemplou en apartados da memoria informativa, a industria sonense non está moi desenvolvida. Ademais, parte da existente localízase fóra dos núcleos. Da localizada no interior hai que salientar, aparte das vinculadas á pesca (conservas, xeo), os distintos obradoiros; ben os dedicados á fabricación de materiais de construcción (aluminio, madeira, mármore, etc.), ben os de atención ao automóbil, maquinaria agrícola, etc. Os usos industriais localízanse fundamentalmente na vila de **Porto do Son** e bastante menos en **Portosín**.

3.2.4.4. Os usos hostaleiros

Aparecen nos dous núcleos, principalmente en Porto do Son de xeito esparecido, aínda que se observa un certo atractivo nas zonas antigas, nas áreas próximas aos portos, etc.

Nos últimos anos, vinculado co turismo estival, dotouse dunha serie de novos equipamentos de varios tipos vinculados o turismo como unha serie de cámpings e de campamentos de verán, así como vivendas tradicionais en determinados núcleos dedicados a turismo rural.

3.2.4.5. Os usos equipamentais

Existen estos usos nos dous núcleos, pero Porto do Son é a vila que acolle o maior número de equipamentos. A súa localización vincúlase basicamente a unha banda perimetral ao núcleo histórico en Porto do Son más concretamente, e no fronte do porto en Portosín, situándose na



3.2.4.2. Os usos comerciais

Como é lóxico (e xa apuntamos) é nas dúas vilas onde se concentran os usos comerciais, fundamentalmente na vila capital do concello, en Porto do Son. Polo de agora, a localización dos usos comerciais repártese entre as zonas antigas e as novas, pero obsérvase unha certa tendencia á expansión destes usos cara ás zonas novas dende os cascos vellos. Unha política de rehabilitación acaída sería suficiente para contrarrestar esa tendencia.

3.2.4.3. Os usos industriais

Como xa se contemplou en apartados da memoria informativa, a industria sonense non está moi desenvolvida. Ademais, parte da existente localízase fóra dos núcleos. Da localizada no interior hai que salientar, aparte das vinculadas á pesca (conservas, xeo), os distintos obradoiros; ben os dedicados á fabricación de materiais de construcción (aluminio, madeira, mármore, etc.), ben os de atención ao automóbil, maquinaria agrícola, etc. Os usos industriais localízanse fundamentalmente na vila de **Porto do Son** e bastante menos en **Portosín**.

3.2.4.4. Os usos hostaleiros

Aparecen nos dous núcleos, principalmente en Porto do Son de xeito esparecido, aínda que se observa un certo atractivo nas zonas antigas, nas áreas próximas aos portos, etc.

Nos últimos anos, vinculado co turismo estival, dotouse dunha serie de novos equipamentos de varios tipos vinculados o turismo como unha serie de cámpings e de campamentos de verán, así como vivendas tradicionais en determinados núcleos dedicados a turismo rural.

3.2.4.5. Os usos equipamentais

Existen estos usos nos dous núcleos, pero Porto do Son é a vila que acolle o maior número de equipamentos. A súa localización vincúlase basicamente a unha banda perimetral ao núcleo histórico en Porto do Son más concretamente, e no fronte do porto en Portosín, situándose na



periferia aqueles usos que precisan máis espazo (educativo, deportivo...) nas zonas de bordo dos respectivos núcleos.

